



**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

**O TRABALLO DOS/AS ESTUDANTES
DE PSICOLOXÍA EN TERMOS ECTS**

PROXECTO ACSUG

**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

**O TRABALLO DOS/AS
ESTUDANTES DE PSICOLOXÍA
EN TERMOS ECTS**

PROXECTO ACSUC



Título do proxecto:

Estimación do tempo de dedicación dos/as estudantes ás materias da Titulación de Psicoloxía en termos de créditos ECTS. Estudo da titulación na Universidade de Santiago de Compostela (2003-04, 2004-05)

Cordinadora do informe:

Carolina Tinajero Vacas

Relación de autores:

Carolina Tinajero Vacas
M. José Ferraces Otero
Gloria Seoane Pesqueira
Socorro Rodríguez Holguín
Mauro Rodríguez Casal
Fernando Díaz Fernández
Susana Martínez Gomila

PERSONAL TÉCNICO DA ACSUG:***Julio Ernesto Abalde Alonso***

Director da ACSUG

María Dolores Castro Pais

Técnico en EEES

Ana Isabel López Lorenzo

Técnico en EEES

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña



A ACSUG dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO-9001:2000, incluíndo, entre outras actividades, a avaliación de titulacións, programas servizos do SUG.

DESEÑO, MAQUETACIÓN E PRODUCCIÓN:

A Referencia S.L.

ISBN:

978-84-611-8202-2

Depósito Legal:

C-2653-2007

Índice

Presentación	9
1. O Espazo Europeo de Educación Superior e o Crédito Europeo.	15
2. A Facultade de Psicoloxía da USC no proceso de converxencia europea	21
3. Xustificación do estudo	27
4. Obxectivos	31
5. Método.	35
5.1. Suxeitos	35
5.2. Procedemento	35
6. Análise de datos e de resultados	43
6.1. O traballo total e o traballo non presencial ao longo dos cursos.	43
6.2. O traballo total das materias.	45
6.2.1. Primeiro curso.	45
6.2.2. Segundo curso.	47
6.2.3. Terceiro curso.	48
6.2.4. Cuarto curso.	50
6.2.5. Quinto curso.	51
6.3. O traballo non presencial das materias	52
6.3.1. Primeiro curso.	53
6.3.2. Segundo curso.	55
6.3.3. Terceiro curso.	56
6.3.4. Cuarto curso.	58
6.3.5. Quinto curso.	59
6.4. O traballo esixido por cada tarefa non presencial ao longo dos cursos . . .	60
6.5. O traballo esixido por cada tarefa nas materias	66
6.5.1. Primeiro curso.	66
6.5.2. Segundo curso.	69
6.5.3. Terceiro curso.	72
6.5.4. Cuarto curso.	74
6.5.5. Quinto curso.	76
6.6. O tempo medio dedicado a cada actividade	78
7. Implicacións do estudo.	83
8. Limitacións e propostas	91
9. Anexos	93
Anexo 1	95
Anexo 2	97
Anexo 3	98
Epílogo.	99

Índice de táboas

Táboa 1.	Cualificacións medias e valores medios de traballo total e non presencial (en horas por crédito troncal e obrigatorio) para os distintos cursos da titulación de Psicoloxía.	44
Táboa 2.	Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias de primeiro curso.	45
Táboa 3.	Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias do segundo curso	47
Táboa 4.	Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias do terceiro curso	49
Táboa 5.	Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias de cuarto curso.	50
Táboa 6.	Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias do quinto curso.	52
Táboa 7.	Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do primeiro curso.	53
Táboa 8.	Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do segundo curso.	55
Táboa 9.	Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do terceiro curso.	56
Táboa 10.	Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias de cuarto curso.	58
Táboa 11.	Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do quinto curso.	60
Táboa 12.	Valores medios do tempo (en horas por crédito troncal e obrigatorio) dedicado as tarefas académicas, considerando todos os suxeitos da mostra.	61
Táboa 13.	Valores medios do tempo (en horas por crédito troncal e obrigatorio) dedicado as tarefas académicas, ao considerar os suxeitos cun rendemento medio igual ou superior á media.	62
Táboa 14.	Valores medios do tempo total por tarefa (en horas), ao considerar os suxeitos cun rendemento medio igual ou superior á media.	63
Táboa 15.	Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade do <i>estudo</i> por materias de primeiro curso.	67
Táboa 16.	Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade dos <i>Informes de prácticas</i> por materias do primeiro curso.	67
Táboa 17.	Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade <i>Lecturas</i> por materias de primeiro curso.	68
Táboa 18.	Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>Traballos de grupo</i> por materias de primeiro curso.	68
Táboa 19.	Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á outras actividades de primeiro curso.	69

Táboa 20. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>estudo</i> por materias de segundo curso.	69
Táboa 21. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>informes de prácticas</i> por materias de segundo curso.	70
Táboa 22. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>lecturas</i> por materias de segundo curso.	70
Táboa 23. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>resolución de problemas</i> por materias de segundo curso.	71
Táboa 24. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>procuras bibliográficas</i> por materias de segundo curso.	71
Táboa 25. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>traballos de grupo</i> por materias de segundo curso.	71
Táboa 26. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>estudo</i> por materias de terceiro curso.	72
Táboa 27. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>informes de prácticas</i> por materias de terceiro curso.	73
Táboa 28. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>lecturas</i> por materias de terceiro curso.	73
Táboa 29. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>estudo</i> por materias de cuarto curso.	74
Táboa 30. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>Informes de prácticas</i> por materias de cuarto curso.	74
Táboa 31. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>lecturas</i> por materias de cuarto curso.	75
Táboa 32. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>traballos de grupo</i> por materias do cuarto curso.	75
Táboa 33. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>exposições orais</i> por materias de cuarto curso.	75
Táboa 34. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á outras actividades do cuarto curso.	76
Táboa 35. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade do <i>estudo</i> por materias de quinto curso.	76
Táboa 36. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>informes de prácticas</i> por materias de quinto curso.	77
Táboa 37. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de <i>lecturas</i> por materias de quinto curso.	77
Táboa 38. Tempo medio por unidade de actividade, en minutos, para todas as materias.	78

Índice de figuras

Figura 1.	Volume de traballo total e traballo non presencial (en horas) por crédito troncal e obrigatorio, por cursos.	44
Figura 2.	Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias de primeiro curso.	46
Figura 3.	Distribución da carga de traballo por períodos das materias de primeiro curso.	47
Figura 4.	Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do segundo curso.	48
Figura 5.	Distribución da carga de traballo por períodos das materias do segundo curso.	48
Figura 6.	Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do terceiro curso.	49
Figura 7.	Distribución da carga de traballo por períodos das materias do terceiro curso.	50
Figura 8.	Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do cuarto curso.	51
Figura 9.	Distribución da carga de traballo por períodos das materias do cuarto curso.	51
Figura 10.	Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do quinto curso.	52
Figura 11.	Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do primeiro curso.	54
Figura 12.	Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias do primeiro curso.	55
Figura 13.	Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do segundo curso.	56
Figura 14.	Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias de segundo curso.	56
Figura 15.	Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do terceiro curso.	57
Figura 16.	Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias do terceiro curso.	58
Figura 17.	Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do cuarto curso.	59
Figura 18.	Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias do cuarto curso	59
Figura 19.	Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do quinto curso.	60
Figura 20.	Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o primeiro curso	64
Figura 21.	Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o segundo curso.	64
Figura 22.	Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos para o terceiro curso.	65
Figura 23.	Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o cuarto curso	65

Figura 24. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o quinto curso	66
Figura 25. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por cursos.	66
Figura 26. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas de primeiro curso.	69
Figura 27. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas de segundo curso.	72
Figura 28. Volume de traballo (en horas por crédito) por materias das tarefas académicas do terceiro curso.	73
Figura 29. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas do cuarto curso.	76
Figura 30. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas de quinto curso	78

Presentación

O remate do presente estudo coincide no tempo coa fin dunha etapa intensa e apaixonante do equipo decanal da facultade de Psicoloxía que tiveron a honra de presidir (integrado polas profesoras Gloria Seoane (durante o primeiro ano), Socorro -Coqui- Rodríguez Holguín, Carolina Tinajero e Monserrat Martín, a quen quero agradecer a súa dedicación e entrega aos distintos proxectos da facultade que nos tocou desenvolver e o seu apoio e afecto persoal) e o comezo doutra non menos interesante, cun novo equipo presidido pola decana, a profesora Socorro Rodríguez Holguín.

O cuatrienio 2002-2006 veu marcado na universidade española por dous vectores que condicionaron e seguen a condicionar, en grande medida, a vida desta institución.

O primeiro, a LOU (“Lei orgánica de universidades”), supuxo un innecesario tecer e destecer que fixo (e segue a facer) perder moito tempo e enerxías a unha universidade que debería estar centrada en adaptar áxil e eficazmente as súas estruturas e funcións aos retos do proceso de converxencia dos sistemas universitarios dos países europeos no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

O segundo é a incerteza en que se ven mergulladas as universidades debida á falta dunha planificación cabal e de directrices claras sobre o proceso de converxencia no EEES por parte dos gobernos central e autonómicos. Esta situación deu lugar a dous tipos de actitudes e de condutas por parte dos responsables das universidades: unha seguiu a máxima inglesa de “*wait and see*”; a outra, proactiva, máis inxenua, consistiu en planificar e desenvolver iniciativas piloto co fin de dar pasos na dirección marcada polas directrices da converxencia no EEES.

Foi esa segunda actitude a que adoptou o equipo decanal da facultade de Psicoloxía, que o levou a promover varias iniciativas e a apoiar algunha outra que xa estaba en marcha. Estas iniciativas foron desenvolvéndose ao longo de varios anos por mor da implicación entusiasta dun bo número de profesores e de estudantes da facultade, sen a que sería imposible afrontalas. A todos eles, o meu sincero recoñecemento no nome da facultade de Psicoloxía. Quero unicamente citar as catro experiencias máis relevantes desenvolvidas:

- 1) Experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo. Esta experiencia implicou tres accións complementarias:
 - a) Desenvolvemento dun programa inicial de formación do profesorado.
 - b) Planificación da programación docente e elaboración de guías e de materiais docentes das materias incorporadas á experiencia piloto.
 - c) Accións de información e de fomento da implicación dos e das estudantes.
- 2) Experiencia piloto de titorías universitarias individualizadas.
- 3) Estudo de tempo de dedicación dos/as estudantes ás materias en termos *ECTS*.
- 4) Estudo para o deseño da materia Prácticum no futuro plano de estudos do grao en Psicoloxía.

O Informe que aquí se presenta corresponde coa terceira experiencia. Este estudo desenvolveuse en dúas fases. No curso 2003-04 promovido polo decanato e o financiamento

da Facultade, baixo a dirección da vicedecana e da presidenta da Comisión de Convergencia co EEES da facultade, a profesora Carolina Tinajero Vacas. A segunda fase, correspondente aos cursos 2004-05 e 2005-06, baixo o formato de Proxecto de Investigación, dirixido pola profesora Carolina Tinajero á fronte dun grupo de investigación integrado polas/os profesoras/es María Xosé Ferraces, Gloria Seoane, Socorro Rodríguez Holguín e Mauro Rodríguez Casal e co apoio técnico e administrativo de María Ordóñez e Susana Martínez Gomila. Cómpre expresarlles, a todos eles e, en especial, á profesora Carolina Tinajero, o agradecemento da facultade polo seu labor de planificación, de dirección e de seguimento así como polo gran traballo de elaboración e de análise dos datos e da redacción final do informe.

Cómpre, tamén, dedicarlles un especial agradecemento aos e ás estudantes que participaron de xeito voluntario e entusiasta, sen cuxa colaboración na elaboración dos autorrexistros ao longo de dous cursos académicos non se podería ter levado a cabo o estudo.

Merecen tamén o noso recoñecemento o vicerreitor de Calidade e de Planificación Estratéxica, o profesor José Sordo Rodríguez, que sempre se amosou aberto e comprensivo coas nosas iniciativas e cuxa vicerreitoría apoiou economicamente a realización do estudo nas dúas fases; así como a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) que contribuíron con fondos para o cofinanciamento deles.

Desexamos e confiamos, por último, que este estudo se constituía nunha ferramenta útil para o deseño dos futuros planos de estudo da facultade de Psicoloxía da USC, adaptados ás directrices do EEES.

Santiago de Compostela, xuño de 2006

Fernando Díaz Fernández, decano da Facultade de Psicoloxía



1. 0 Espazo Europeo de Educación Superior

1. O Espazo Europeo de Educación Superior e o Crédito Europeo

A Unión Europea está a propiciar procesos de converxencia en distintos ámbitos que inclúen o económico, o político, o xurídico e, máis recentemente, o educativo.

No ámbito educativo impulsou un proceso encamiñado ao desenvolvemento dun Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que facilitará o recoñecemento das titulacións entre países, cara á integración das persoas tituladas nun mercado laboral unificado e sen fronteiras. Este proceso descansa na mutua confianza entre as institucións de ensino superior participantes que se comprometen a adoptar estándares de calidade esixentes que terán que ser avaliados e acreditados periodicamente.

A iniciativa ten a súa orixe nos programas de mobilidade dos estudantes, como o ERASMUS, que comezaron en 1987 e que determinaron a necesidade de achar un sistema axeitado de equivalencias e de recoñecemento de estudos.

Por mor da experiencia con estes programas, as persoas responsables de Educación de distintos países europeos comezaron a forxar a idea de promoveren a converxencia entre os sistemas nacionais de educación superior, isto é, facelos máis semellantes de tal xeito que:

- Se adoptase un sistema de titulacións e un concepto de crédito común para fomentar a comparabilidade e o recoñecemento dos estudos co obxectivo de favorecer a mobilidade dos estudantes e a integración das persoas tituladas nun mercado laboral unificado.
- Se impulsase a cooperación europea para garantir a calidade e para desenvolver criterios e metodoloxías educativas comparables.

Ao longo dunha serie de reunións de responsables gobernamentais e institucionais, fóronse definindo as características dos futuros planos de estudo e doutros aspectos do Espazo Europeo de Educación Superior. Un elemento que é sinalado de xeito consistente como chave nos documentos técnicos sobre o proceso de converxencia é a adopción do denominado sistema *ECTS* (European Credit Transfer System). Ideado orixinalmente para o programa ERASMUS, consiste nunha serie de documentos e criterios de acreditación consensuados para facilitar o recoñecemento de estudos entre países. O elemento central do dito sistema é o crédito *ECTS* ao que, fóra dos programas de intercambio, acostuma denominarse crédito europeo. Recoñécese, así, que o proceso de converxencia ten implicacións que van alén dos obxectivos de transferencia de créditos que o sistema *ECTS* cobre nos ditos programas.

O crédito europeo baséase no volume total de traballo do estudante, non se limita, como acontece cos actuais créditos, ás horas de asistencia ás aulas. Así se expón na lexislación española ao respecto adaptada xa a este novo concepto. A nova definición do crédito español, acorde coas directrices europeas e recollida no “Real decreto polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e de validez en todo o territorio español”, é a seguinte:

“...a unidade de medida do cómputo académico que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudo e que se obteñen pola superación de cada unha das materias que integran os planos de estudo dos diversos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional”.

No mesmo texto, establécese en 60 o número total de créditos por curso académico que “será distribuído entre a totalidade de materias integradas no plano de estudos que deba cursar o alumno, en función do número total de horas que implicar para o alumnado a superación ou a realización de cada unha delas”

Establécese tamén o seguinte:

- Que na asignación de créditos a cada unha das materias que configuren o plano de estudos computarase o número de horas de traballo requiridas para a adquisición polos estudantes dos coñecementos, das capacidades e das destrezas correspondentes. Nesta asignación deberán estar comprendidas as horas dedicadas ás clases lectivas, teóricas ou prácticas, as horas de estudo, as dedicadas á realización de seminarios, traballos, prácticas ou proxectos e as esixidas para a preparación e mais a realización dos exames e das probas de avaliación.
- Un número máximo de entre 36 e 40 semanas de dedicación por curso e un número de horas por crédito de entre 25 e 30.

Os expertos recomendan que para a asignación de créditos ás materias dos futuros planos de estudo se teñan en conta os obxectivos globais da titulación e a súa abordaxe nas distintas materias, a determinación das actividades necesarias para acadalos e a estimación do tempo necesario para a súa realización¹.

En todo caso, o profesor de cada materia non soamente terá que axustar como até o de agora a duración das actividades presenciais, senón que tamén deberá estimar o tempo requirido polas actividades non presenciais que lle encomendar ao seu alumnado, adaptándose aos créditos asignados por materias.

Alén dos parámetros cuantitativos, a adopción do crédito europeo supón a aceptación dunha filosofía de fondo que considera o traballo do estudante e que implica un novo enfoque sobre os métodos docentes. Malia que non se proporcionan directrices concretas, as declaracións e as conclusións de reunións de expertos e de documentos elaborados por grupos de traballo sobre o Espazo Europeo de Educación Superior concordan en demandar unha docencia centrada na aprendizaxe do alumnado máis que na simple transmisión de información. Esta terá que promover a adquisición de competencias transversais, dirixidas á formación integral do individuo, e de competencias máis específicas, que posibiliten unha orientación profesional e faciliten a integración no mercado laboral.

1 Pódese consultar, por exemplo, o documento “Créditos ECTS e métodos para su asignación” na páxina web da ANECA (http://www.aneca.es/modal_eval/docs/doc_conv_gral1.pdf).



2. A Facultade de Psicoloxía da USC

2. A Facultade de Psicoloxía da USC no proceso de converxencia europea

O 29 de abril de 2003 constituíuse, na facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela, unha comisión delegada para promover o proceso de converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior, con representación das distintas áreas de coñecemento e con participación aberta a todos os membros da facultade que estiveren interesados.

A comisión reuniuse periodicamente para reflexionar sobre os eventos e as directrices recentes, como as reunións, as xornadas, os congresos, os documentos oficiais e técnicos, as convocatorias de axudas etc... Por outra banda, a comisión deulles soporte ás medidas adoptadas na facultade na implementación do proceso de converxencia.

Cómpre sinalar, entre as actividades que se veñen desenvolvendo sistematicamente na Facultade, as seguintes:

- Asistencia a reunións en instancias externas, a xornadas e conferencias monográficas sobre o Espazo Europeo de Educación Superior.
- Procura sistemática de información e de documentación, reunida nunha base de datos, que conta na actualidade con mais de 100 documentos dispoñibles no Decanato da facultade.
- Mantemento dun sitio sobre o Espazo Europeo de Educación Superior na páxina web da Facultade, con información xeral e específica.
- Información aos estudantes nas sesións de presentación ao comezo dos seus estudos, nas sesións de orientación no paso de ciclo e nas de inserción laboral para os alumnos que finalizan.
- Información na Xunta de Facultade do estado do proceso de converxencia; debate e toma de decisións na mesma instancia cando se requirir.
- Notificación a todos os membros da facultade das novidades no proceso de converxencia.
- Promoción da participación do profesorado en programas de formación e de innovación docente.

Á marxe destas actividades, iniciáronse algunhas accións específicas de maior entidade e de especial relevancia para trazar as liñas mestras do proceso de converxencia. O estudo que é obxecto do presente informe constituíu, de feito, unha delas. Relaciónanse, a continuación, as mencionadas accións e descríbense sinteticamente aquelas que gardan unha conexión máis directa co estudo.

As accións específicas de converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior iniciadas na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela son as seguintes:

- Participación no Proxecto piloto de acreditación das titulacións levado a cabo pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), desenvolvido entre os meses de novembro de 2003 e marzo de 2004.

Titulación de Psicología

- Xornadas sobre o prácticum no futuro plano de estudos do grao en Psicología, que tiveron lugar en outubro de 2004 coa participación de responsables do Prácticum de Psicología de 30 universidades do Estado español.
- Experiencia piloto de titorías universitarias individualizadas para os alumnos de primeiro curso. É unha acción que comezou no curso 2004-05 e que continúa na actualidade.
- Obradoiro sobre a aprendizaxe “autorregulada na universidade” para os alumnos de primeiro curso. Comezou no presente curso e preténdese continuar no seguinte.

Ademais, as accións especialmente relacionadas co estudo do que se informa son as seguintes:

- Participación na II Convocatoria de Axudas para o deseño de planos de estudo e títulos de grao, no marco dun programa da ANECA, xunto con outros 30 centros do Estado español responsables da titulación de Psicología. Como consecuencia desta convocatoria, definíronse os alicerces do que, ao entender dos axentes implicados no proceso educativo, han ser os obxectivos formativos, as competencias e os contidos mínimos e mais a estrutura dos estudos que deberán definir o título de grao de Psicología nun futuro próximo. Ao mesmo tempo, fíxose unha proposta de asignación de créditos por bloques de contidos e a súa distribución en horas de clases, por tempo de traballo persoal dirixido e autónomo e mais o tempo de dedicado á avaliación. Sintetízanse os antecedentes e os detalles da dita proposta no “libro branco” da titulación.
- Desenvolvemento dun programa intensivo de formación do profesorado. Desenvolveuse ao longo dos meses de setembro e de outubro de 2004. Estivo conformado por seis seminarios, dedicados a ferramentas didácticas (guías docentes, metodoloxías de ensino/aprendizaxe, novas tecnoloxías) e ao coñecemento de experiencias que se están a desenvolver noutras universidades. Este programa foi financiado mediante fondos propios do centro e cunha subvención da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Ao longo do curso 2004-05 déuselle continuidade ao programa formativo mediante a realización de cursos e de obradoiros “a demanda” no marco da oferta do ICE da USC, unha vía pola que tiveron lugar na facultade cinco actividades formativas máis (relaciónanse no anexo 1).

- Elaboración das epígrafes de materias da guía docente, segundo o modelo europeo. Ferramenta básica para a adopción do crédito europeo; a guía docente é un documento informativo que debe producirse e manterse actualizado por parte de cada universidade. Debe conter datos de interese para os estudantes sobre a institución e os seus planos de estudo, incluíndo as materias, así como os créditos que se asignaren a cada unha delas².

² Pódense encontrar máis detalles sobre a estrutura deste documento na Guía do usuario ECTS en <http://www.europa.eu.int/comm/education/socrates/ects.html>.

A epígrafe da guía dedicada a cada materia debe conter, entre outras informacións, os obxectivos en termos de competencias, as actividades de ensino-aprendizaxe programadas e os créditos da materia.

Como parte do programa formativo, un grupo de profesores asistiu a un curso sobre a guía docente e, posteriormente, a un obradoiro para a elaboración da epígrafe de materia da guía docente. Unha parte dos profesores participantes no obradoiro deseñou a guía para executar no presente curso nunha experiencia piloto, tamén promovida pola facultade, de adaptación de materias ao crédito europeo, que se describe a continuación.

- Experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo. Programmeuse para o presente curso 2005-06 a implementación da metodoloxía adaptada ao crédito europeo (publicación das guías docentes, adaptacións da metodoloxía de ensino/aprendizaxe e avaliación, etc.) en 17 materias (relacionadas no anexo 2) impartidas por profesores que se ofreceron voluntariamente. Á marxe da progresiva preparación dos docentes para o novo modelo, preténdense obter datos, nesta experiencia, sobre o traballo que as distintas actividades proxectadas nas materias precisa dos alumnos e dos profesores, do seu grao de satisfacción coa nova metodoloxía, dos obstáculos na súa aplicación e do seu impacto nos resultados académicos.

A Facultade verase axiña inmersa na reforma dos seus planos de estudo. Confiamos en que as distintas iniciativas descritas e, en particular, o estudo que é obxecto do presente informe fagan máis doado e atinado este proceso.

3

3. Xustificación do estudo

3. Xustificación do estudo

A asignación de créditos ás materias das novas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo estase a definir en España segundo o procedemento establecido polo Ministerio de Educación e Ciencia. Estanse a presentar propostas de directrices propias para os futuros estudos de grao por parte de subcomisións sectoriais do Consello de Coordinación Universitaria. Estas directrices consideran, entre outros aspectos, as capacidades, as competencias e as destrezas xerais dos títulos, os créditos asignados aos bloques de contidos formativos comúns e afíns, así como os coñecementos, as capacidades e as destrezas asociadas aos distintos bloques.

As facultades teñen un complexo labor por diante xa que terán que concretar os bloques de contidos comúns e afíns en materias, proporen bloques de contidos específicos e concretalos, distribuíren competencias específicas e transversais entre materias e asignarlles créditos. As orientacións que achegan a este respecto os traballos técnicos sobre o proceso de converxencia son moi vagas, tal como cabía agardar dada a grande heteroxeneidade entre países, institucións e mesmo titulacións. Algo máis precisas son as orientacións procedentes do Programa Tuning, promovido pola Comisión Europea, en que se conformaron grupos de traballo segundo as áreas de coñecemento. Neste programa propóñense competencias e perfís formativos e se recomendan asignacións de créditos por niveis formativos. Estas recomendacións seguen a estar lonxe do grao de concreción que require o deseño dos planos de estudo. Por outra banda, tan só unha parte das áreas de coñecemento está representada no programa Tuning.

En concreto, a área de Psicoloxía non foi incluída no citado proxecto, aínda que conta coas directrices dos proxectos EuroPsyT e EuroPsy, auspiciados polo programa Leonardo da Vinci da Comisión Europea. Estes permitiron explorar os aspectos comúns e diferenciais das titulacións de Psicoloxía en Europa e definiron un modelo de mínimos para a educación e o adestramento na disciplina. O dito modelo é algo máis detallado que o procedente do Tuning e inspirou a proposta de contidos, de competencias e a asignación de créditos do “Libro branco” de Psicoloxía; sitúase, en todo caso, nun nivel de concreción aínda insuficiente para a toma de decisións sobre a asignación de créditos a materias.

Canto ao profesorado, a adopción do crédito europeo preséntalle o reto de se situar na perspectiva do alumnado, promover a súa aprendizaxe a través de actividades axeitadas para a consecución de certas competencias asociadas ás materias, computar a carga que isto supón e distribuila de xeito racional e equilibrado ao longo do tempo dispoñible.

Fixéronse algúns intentos de calcular o tempo que esixen certas tarefas frecuentes no quefacer do alumno universitario³. Así, por exemplo, algunhas sondaxes suxiren que nas áreas de Ciencias Experimentais se compute un tempo de estudo de entre 1.5 e 2 horas por cada hora presencial teórica e de 0.75 por cada hora presencial práctica. Tamén se estima que nas áreas de Humanidades, un estudante de primeiro curso podería ler entre 4 e 5 páxinas por hora; en cursos posteriores, a ratio se elevaría a 6-7 páxinas por hora. Estas indicacións son, a todas luces, insuficientes para orientar a programación das actividades de ensino-aprendizaxe por parte dos docentes.

Ante a situación de incerteza descrita, nalgunhas universidades e facultades españolas optouse por analizar a carga de traballo das actuais materias coa intención de ter algún referente no proceso de adaptación ao crédito europeo. O presente informe dá conta do estudo realizado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela nesta dirección.

3 Pódese consultar, por exemplo, o documento “El Crédito Europeo y el Sistema Educativo Español” de R. Pagani, y J. González, J. dispoñible en http://www.crue.org/espaeuro/encuentros/credito-vigo2002_.pdf.



4. Obxectivos

4. Obxectivos

O obxectivo central do estudo foi estimar o esforzo necesario para superar as distintas materias da titulación en termos de horas de traballo. Este pódese segmentar nos seguintes obxectivos específicos:

1. Precisar o traballo necesario para superar as materias troncais da titulación de Psicoloxía.
2. Determinar o traballo requirido para superar as materias obrigatorias da titulación de Psicoloxía.
3. Estimar o peso das distintas tarefas académicas dos estudantes no traballo total requirido pola titulación.
4. Comparar o peso das distintas tarefas nos distintos cursos de Psicoloxía.
5. Comparar o peso das distintas tarefas entre materias e cursos.
6. Estimar o tempo medio esixido por cada tipo de actividade de ensino-aprendizaxe desenvolvido nas materias da titulación.

Este traballo permitirá non só obter información para estimar adecuadamente o tempo que diversos tipos de tarefas lles requiren aos/ás estudantes, senón tamén saber en que medida o sistema actual de ensino-aprendizaxe, no noso centro, se achega ou difire do que no proceso de converxencia europeo se pretende xeneralizar.



5. Método

5. Método

En función dos obxectivos do estudo, imponse precisar o tempo requirido polas tarefas académicas do estudantado que superará as distintas materias da titulación. Para isto, procedeuse como se describe a seguir.

5.1. Suxeitos

A selección da mostra levouse a cabo en dúas fases (dous cursos académicos: 2003-04 e 2004-05), para facilitar a recollida e o tratamento dos datos por eles achegados. Os suxeitos elixíronse ao azar por cursos. Convidábase as persoas seleccionadas, ao comezo de curso, a unha reunión onde eran informadas dos antecedentes do estudo, se lles comunicaban os seus obxectivos e se solicitaba a súa colaboración.

Inicialmente, seleccionáronse 176 suxeitos na primeira fase e 143 na segunda. Descartáronse aqueles que interromperon o contacto ao longo do curso. En total participaron 282 alumnos: 77 de primeiro curso, 67 de segundo, 38 de terceiro, 71 de cuarto e 29 de quinto.

Non era posible, e nin sequera desexable, seleccionar a priori os suxeitos que superarían as distintas materias. Aínda que o exame dos datos de traballo habería de centrarse principalmente nos ditos suxeitos, a inclusión de alumnos repetidores e suspensos permitiría diferenciar o tempo necesario do habitual na realización das tarefas académicas. Para isto, recolléronse as cualificacións dos estudantes incluídos na mostra coa intención de discriminar, nas análises dos datos, entre os que superasen e os que non superasen, en primeira convocatoria, as distintas materias e entre os que obtivesen cualificacións de aprobado ou superiores.

5.2. Procedemento

Solicitóuselle ao alumnado seleccionado un rexistro semanal do traballo académico, mediante unha ficha elaborada para o efecto, ao longo de todo o curso⁴.

A ficha de autorregistro consideraba as semanas do mes en curso e reservaba espazos para consignar o tempo de asistencia ás aulas teóricas e prácticas das distintas materias, o tempo dedicado aos traballos académicos relacionados con elas, así como o tempo empregado en actividades de estudo.

Tratouse de fidelizar os estudantes mediante un incentivo, en termos de bonos de 5 no servizo de reprografía, que se concederon mensualmente a cambio da entrega das fichas de autorregistro⁵.

En función do tamaño mostral e a relevancia para os futuros planos de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, decidiuse considerar, para as análises, todas as materias troncais e obrigatorias da titulación coa única excepción do Practicum, xa que polas súas peculiaridades non foi posible sistematizar o rexistro do traballo que leva asociado. As materias optativas foron excluídas.

Os alumnos recibiron instrucións sobre o procedemento de rexistro e as fichas que se lles proporcionaron incluían exemplos dos tipos de actividades de ensino-aprendizaxe

⁴ Inclúese a ficha de autorregistro no anexo 3.

⁵ Este incentivo supuxo un custo de 6000 €, que foi financiado no 50% pola facultade e no outro 50% con cargo a unha subvención da Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratégica.

máis frecuentes (lecturas, problemas, casos clínicos, exposicións en clase, prácticas de campo, informes de prácticas) e daquelas que debían incluír na categoría de estudo (elaboración de resúmenes, esquemas..., revisar apuntamentos, procura de documentación, repaso). Deste xeito, facilitouse unha interpretación axeitada da ficha e preparouse o posterior labor de codificación dos datos. Algúns rexistraron o tempo por unidade de actividade, aínda que non se lles solicitase, o que permitiu contar con esta información para a súa análise.

O tempo solicitouse en minutos, para posibilitar a inclusión de períodos inferiores a unha hora ou superiores en fraccións de horas. Posteriormente, para cada materia e para cada suxeito, calculáronse as horas de asistencia a clases teóricas e prácticas e o dedicado a cada tipo de tarefa académica non presencial, desde outubro até xuño, e obtivéronse os seguintes indicadores:

- Traballo total dos alumnos en cada materia (*ECTS*) = horas de asistencia a clases teóricas e prácticas + horas dedicadas a tarefas non presenciais, de cada materia.
- Traballo non presencial dos alumnos en cada materia (*ECTS transformado*) = *ECTS* – asistencia a clases teóricas e prácticas.
- Traballo total dos alumnos, en todas as materias troncais e obrigatorias de cada curso (*ECTS total*) = sumatorio dos *ECTS* de todas as materias troncais e obrigatorias de cada curso.
- Traballo non presencial dos alumnos en todas as materias troncais e obrigatorias de cada curso (*ECTS total-transformado*) = sumatorio dos *ECTS transformados* de todas as materias troncais e obrigatorias de cada curso.
- Traballo total por crédito troncal e obrigatorio de cada curso (*ECTS total-promediado*) = *ECTS total* / número de créditos troncais e obrigatorios do curso.
- Traballo non presencial por crédito troncal e obrigatorio de cada curso (*ECTS total-transformado-promediado*) = *ECTS total-transformado* / número de créditos troncais e obrigatorios do curso.
- Traballo total por crédito de cada materia (*ECTS promediado por materia*) = *ECTS* / número de créditos da materia.
- Traballo non presencial por crédito de cada materia (*ECTS transformado-promediado por materia*) = *ECTS transformado* / número de créditos da materia
- Traballo por tipo de tarefa non presencial, en todas as materias troncais e obrigatorias de cada curso (*tempo por tarefa*)
- Traballo por tipo de tarefa non presencial, por crédito troncal ou obrigatorio (*tempo por tarefa promediado*)
- Traballo por tipo de tarefa non presencial por crédito de cada materia (*tempo por tarefa-promediado por materia*) = *tempo por tarefa* / número de créditos de cada materia

As tarefas do traballo académico non presenciais consignadas polos alumnos, á marxe do estudo, foron as seguintes:

- procuras bibliográficas
- casos clínicos
- informes de prácticas
- exercicios
- exposicións orais de traballos
- lecturas
- resolución de problemas
- prácticas de campo
- traballos de grupo
- traballos individuais

Os rexistros dos alumnos revelaron que moitas das actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas enmárcanse nas prácticas, polo que a súa carga de traballo preséntase enmascarada na asistencia a clases prácticas e/ou na realización de *Informes de prácticas e Prácticas de campo*. Isto provoca que a relación de tarefas analizadas no estudo non reflicta a diversidade de actividades empregadas polo profesorado. Na mesma liña, a frecuencia das actividades distribúese entre as prácticas e as tarefas non presenciais programadas á marxe das prácticas.

Sintetízanse, a seguir, as características das distintas actividades informadas polos alumnos, segundo a descrición delas recollida nos programas das materias.

Os alumnos reciben, ao comezo do primeiro curso, por parte do persoal da biblioteca do centro, un seminario sobre acceso á información bibliográfica. Preténdese, co mesmo, fomentar as habilidades de acceso á documentación e ás fontes bibliográficas en Psicoloxía, o uso das fontes orixinais, a lectura, a análise e a reflexión crítica do material achado. As *Procuras bibliográficas* son solicitadas e computadas nas cualificacións en distintas materias da titulación.

A análise e a discusión de casos constitúe unha das tarefas máis valoradas para a formación do psicólogo, na súa vertente práctica. Os alumnos informan da realización de *Casos clínicos* nunha das materias troncais da titulación (Psicopatoloxía). Trátase de casos extraídos de documentos bibliográficos ou en vídeo que han ser consultados polo estudante. En función destes documentos terán que identificar e analizar a sintomatoloxía do caso, suxerir posibles diagnósticos comórbidos e diferenciais, avanzar o curso e o pronóstico e indicar posibles factores etiolóxicos e modelos explicativos. Abórdanse outros tipos de análise e de discusión de casos nas prácticas doutras materias da titulación, así como en tarefas non presenciais das materias optativas, non incluídas no estudo.

Os *Informes de prácticas* son unha das tarefas máis solicitadas polo profesorado como medio para avaliar a participación e o aproveitamento das actividades prácticas presenciais ou de campo da titulación. A súa estrutura varía entre materias, aínda que adoita considerar os seguintes compoñentes: unha introdución teórica sobre o aspecto tratado, a descrición da actividade desenvolvida e os resultados obtidos e un comentario, que procure conectar a experiencia cos coñecementos adquiridos noutras actividades de ensino-aprendizaxe.

Baixo o rótulo de *Exercicios* agrupamos todas aquelas actividades que teñen como cometido principal a consolidación de contidos teóricos ou de destrezas. Poden ser moi variadas a depender das materias; así, por exemplo, nas materias metodolóxicas é frecuente

Titulación de Psicología

a práctica da aplicación dos procedementos aprendidos. No estudo rexístrouse como tarefa non presencial a realización de exercicios de identificación, de observación, de deseño de estruturas cerebrais... enmarcados na materia *Fundamentos de Psicobiología* de primeiro curso.

As *Exposicións orais* adoitan ser o colofón dun traballo de grupo ou individual; a través delas, os alumnos preséntanlles aos seus compañeiros unha síntese do seu traballo. Valóranse nelas a organización, a clareza expositiva, os esquemas, as ilustracións... empregados, a corrección no uso da linguaxe etc.

As *Lecturas* considéranse como unha forma de darlles acceso aos alumnos a fontes orixinais e/ou complementarias ás manexadas na perspectiva que ofrece o profesorado nas súas clases maxistras. Solicítase habitualmente do estudante unha recensión dos documentos bibliográficos manexados.

A *Resolución de problemas* rexístrouse nas materias *Análises de Datos I* e *Análises de Datos II*. Trátase, segundo se especifica nos programas das citadas materias, de problemas estatísticos en que se aplican os coñecementos adquiridos e se manexa un programa informático de análise estatística.

Os *Traballos de grupo* e os *Traballos individuais* consisten en tarefas complexas que implican diversas destrezas, entre as que cómpre salientar a procura de documentación, a análise e mais a síntese da información recollida e a exposición escrita da dita síntese.

6

6. Análise de dados e de resultados

6. Análise de datos e de resultados

Os datos que se recollen no presente estudo permiten enfocar o traballo do alumnado de Psicoloxía en distintos niveis de concreción, desde as estimacións globais do tempo total investido no quefacer académico até a súa distribución entre cursos, períodos, materias e tipos de tarefas. Procederáse, na súa descrición, desde os niveis máis xerais aos máis específicos.

En primeiro lugar, analizaráse o tempo requirido polo traballo académico, na súa globalidade, ao longo dos cursos da titulación de Psicoloxía en Santiago. Proseguirase con estimacións e comparacións do traballo total e non presencial das materias e con comparacións do traballo requirido por cada tipo de actividade non presencial entre cursos, dentro dun mesmo curso e entre materias. Finalizarase coa descrición dos datos recadados acerca do tempo que demandan, por unidade, os distintos tipos de tarefas.

Tratouse de diferenciar, en cada enfoque, o traballo necesario para realizar con éxito as tarefas, as materias, a titulación... do traballo medio; isto supuxo utilizar distintos criterios de filtro da mostra, en coherencia co grao de concreción abordado; expóranse os ditos criterios ao fin das descricións das análises.

6.1. O traballo total e o traballo non presencial ao longo dos cursos

A continuación, infórmase da carga de traballo que ao longo dos cursos da titulación esixen as tarefas académicas na súa globalidade, para todo o alumnado da mostra e para aquel con cualificación media do curso igual ou superior á media. Diferénciase, ao mesmo tempo, o traballo total do requirido polas actividades non presenciais.

Computáronse, en cada curso, o *ECTS total* e o *ECTS total-transformado*, isto é, o número de horas requirido desde outubro até xuño, polo traballo académico incluíndo e excluindo, respectivamente, a asistencia a clase. Cómpre lembrarmos, cara á correcta interpretación dos resultados, que a asistencia non se corresponde coa programada nos horarios de clase segundo os créditos da titulación, senón coa rexistrada polos propios alumnos.

Para facilitar as comparacións entre cursos, obtivéronse o *ECTS total-promediado* (*ECTS total* / número de créditos troncais e obrigatorios do curso) e o *ECTS total-transformado-promediado* (*ECTS total-transformado* / número de créditos troncais e obrigatorios do curso), para os dous grupos de suxeitos arriba mencionados. Os ditos valores preséntanse na seguinte táboa.

Táboa 1. Cualificacións medias e valores medios de traballo total e non presencial (en horas por crédito troncal e obrigatorio) para os distintos cursos da titulación de Psicoloxía.

Curso	Cualificación media	Alumnos con rendemento igual ou superior á media				Todos os alumnos			
		ECTS total promediado		ECTS total transformado-promediado		ECTS total promediado		ECTS total transformado-promediado	
		n	M	n	M	n	M	n	M
1.º	6,42	225	15,86	223	9,78	437	13,75	429	8,32
2.º	6,16	155	14,95	154	9,30	327	13,00	322	8,23
3.º	5,93	116	11,30	112	6,52	215	10,99	204	6,64
4.º	7,29	145	19,17	144	12,74	310	17,51	306	11,75
5.º	7,26	49	16,90	48	10,92	86	17,53	84	11,61

Pódese apreciar, a simple vista, que se producen variacións importantes entre algúns cursos, unha impresión que se reforza ao ollar a figura 1, en que se representan os datos da táboa anterior.




Fig. 1. Volume de traballo total e traballo non presencial (en horas) por crédito troncal e obrigatorio, por cursos.

Para comprobar se estas variacións son estatisticamente significativas, realizouse unha ANOVA para os suxeitos con rendemento igual ou superior á media, ao comparar tanto o *ECTS total-promediado* como o *ECTS total-transformado-promediado*; tomáronse as ditas variables como dependentes e o curso como factor. A dita análise amosou diferenzas significativas entre cursos para o traballo total ($F_{(4, 685)} = 16,07$; $p \leq .0001$) e para o traballo non presencial ($F_{(4, 676)} = 11,92$; $p \leq .0001$). Nas comparacións por pares, o traballo total de terceiro amosouse significativamente inferior ao dos demais cursos e o de cuarto amosouse significativamente superior ao de todos os demais cursos, agás quinto. O traballo non presencial de terceiro amosouse significativamente inferior ao do resto dos cursos agás quinto e o de cuarto significativamente superior ao do resto dos cursos agás quinto.

6.2. O traballo total das materias

A seguir analízase a carga de traballo total que para o alumnado implica a asistencia ás aulas e as demais tarefas académicas, nas distintas materias troncais e obrigatorias, por separado.

Tomouse como referente o indicador *ECTS promediado por materia*; isto é, o número de horas requirido, por crédito, pola asistencia a clases e polas tarefas académicas non presenciais, en cada materia troncal ou obrigatoria por separado, desde outubro até xuño.

Para cada curso elaborouse unha táboa en que se recollen os seguintes datos: os valores máximos de traballo total por crédito de cada materia, as medias de traballo daqueles alumnos que superaron as distintas materias en primeira convocatoria, dos que obtiveron cualificacións de aprobado e de sobresaliente nelas e dos que as superaron todas, así como as medias da mostra completa (incluíndo repetidores e suspensos). As materias preséntanse, na dita táboa, ordenadas polo volume medio de traballo dos alumnos que as superaron. Acompáñase esta táboa cunha gráfica en que se representa a distribución do traballo entre as materias de cada curso para os distintos grupos de suxeitos conformados.

Por outra banda, para comparar o traballo esixido polas distintas materias, escolléronse en cada curso os alumnos non repetidores, con cualificacións de aprobado ou superiores, para realizar unha ANOVA dun factor por curso, considerando como variable dependente o *ECTS promediado por materia* e como factor a materia.

Finaliza a descrición dos resultados de cada curso coa presentación dunha segunda figura, en que se reflicte a distribución do traballo, por períodos do curso, para aqueles suxeitos que superaron as distintas materias.

6.2.1. - Primeiro curso.

Na táboa 2, preséntanse os valores de traballo total por crédito das materias troncais e obrigatorias do primeiro curso⁶. Como se pode constatar nela, en función do volume de traballo que requiren para os alumnos que obtiveron cualificacións de aprobado ou de superiores, as materias axústanse á seguinte orde descendente: *Fundamentos de Psicobioloxía, Historia da Psicoloxía, Condicionamento e Motivación, Psicoloxía do Desenvolvemento I, Atención e Emoción, Psicoloxía da Personalidade, Psicoloxía Social I, Análise de Datos II e Análise de Datos I*.

Táboa 2. Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias de primeiro curso.

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo Superado*	Todos os alumnos	
		n	M	N	M	n	M	M	n	M
104	52,69	23	21,02	5	12,05	4	20,68	26,41	35	21,25
105	88,50	62	19,29	32	17,79	11	26,97	26,51	78	18,35
103	34,07	19	18,08	9	19,58	-	-	23,90	40	13,90

⁶ Nesta táboa e nas seguintes relativas a materias preséntanse os códigos en lugar do nome das materias, coa intención de poder reunir, de maneira lexible, todos os datos enunciados.

Titulación de Psicología

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo Superado*	Todos os alumnos	
		n	M	N	M	n	M	M	n	M
107	43,90	28	15,23	5	12,18	8	17,08	17,26	35	13,70
102	29,33	18	14,82	10	13,31	5	17,37	20,06	34	11,76
106	25,26	23	13,70	4	11,54	5	15,70	17,08	31	13,07
108	33,97	56	12,76	35	11,53	10	16,60	14,22	77	12,18
111	24,33	20	11,28	5	9,88	11	12,70	13,89	32	9,66
101	52,37	72	10,13	14	8,35	29	10,79	12,38	75	9,95

* n = 8

Nota. 104 = Fundamentos de Psicobiología, 105 = Historia da Psicología; 103 = Condicionamento e Motivación; 107 = Psicología do Desenvolvemento I; 102 = Atención e Emoción; 106 = Psicología da Personalidade; 108 = Psicología Social I; 111 = Análise de Datos en Psicología II; 101 = Análise de Datos en Psicología I.

Na figura 2, pódese observar que a orde sofre pequenas variacións cando agrupamos os suxeitos pola súa cualificación.




Fig. 2. Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias de primeiro curso.

A ANOVA realizada cos alumnos non repetidores, con cualificacións de aprobado ou superiores, amosou diferenzas significativas entre o traballo total dedicado ás distintas materias ($F_{(8, 312)} = 7,69$; $p \leq .0001$). As comparacións múltiples amosaron diferenzas por pares entre *Historia da Psicología* e *Psicología Social I* e *Análise de Datos*, con maior traballo total na primeira.

Na figura 3 apréciase que a carga de traballo das materias troncais e obrigatorias de primeiro curso é maior no segundo cuadrimestre que no primeiro.




Fig. 3. Distribución da carga de traballo por períodos das materias de primeiro curso.

6.2.2. - Segundo curso.

Na táboa 3, pódese observar a orde que presentan as materias troncais e obrigatorias de segundo curso, por volume de traballo total por crédito. As que esixen maior traballo son *Psicología do Desenvolvemento II* e *Psicología Fisiolóxica*, seguidas de *Deseños de Investigación II*, *Percepción*, *Memoria*, *Psicología Social II* e *Deseños de Investigación I*.

Táboa 3. Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias do segundo curso

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo Superado*	Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M	M	n	M
212	53,81	17	21,75	10	17,89	5	32,94	21,56	31	16,21
204	41,20	19	21,29	11	18,36	4	33,59	24,95	30	19,23
211	46,00	11	18,95	5	12,44	-	-	23,60	36	13,62
203	53,08	52	16,56	24	15,33	6	20,25	26,69	70	14,93
202	28,64	19	15,55	5	13,05	7	18,26	17,77	26	14,75
205	28,44	53	10,91	33	9,94	3	13,20	14,44	65	10,73
201	23,82	52	8,94	13	7,45	9	11,48	11,38	69	8,02

* n = 5

Nota. 212 = *Psicología do Desenvolvemento II*; 204 = *Psicología Fisiolóxica*; 211 = *Deseños de Investigación II*; 203 *Percepción*; 202 *Memoria*; 205 = *Psicología Social II*; 201 *Deseños de Investigación I*.

Tal como se aprecia na figura 4, se agrupamos as materias tendo en conta as cualificacións, prodúcense novamente variacións na orde.

6. Análise de datos e resultados

0 traballo do alumnado de Psicología en termos ECTS

Titulación de Psicología




Fig. 4. Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do segundo curso.

A ANOVA efectuada cos datos de traballo de segundo anosou tamén diferenzas significativas ($F_{(6, 216)} = 14,66$; $p \leq .0001$). As comparacións múltiples non amosaron diferenzas por pares.

Pódese apreciar na figura 5 que a carga de traballo das materias troncais e obrigatorias de segundo curso se distribúe equitativamente entre o primeiro e o segundo cuadrimestres.




Fig. 5. Distribución da carga de traballo por períodos das materias do segundo curso.

6.2.3. - Terceiro curso.

Recóllense agora, na táboa 4, os valores de traballo total por crédito das materias troncais e obrigatorias do terceiro curso. Apréciase nela que, en función dos valores dos alumnos que obtiveron cualificacións de aprobado ou superiores, as materias axústanse á seguinte orde descendente: *Avaliación Psicolóxica II, Psicometría II, Neuropsicología, Avaliación Psicolóxica I, Aprendizaxe Humana, Procesos de Interacción Social e Psicometría I*. Se temos en conta as cualificacións prodúcense de novo variacións nesta orde.

Táboa 4. Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias do terceiro curso

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo Superado*	Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M	M	n	M
312	27,78	10	17,84	6	18,37	-	-	19,31	17	14,62
315	27,70	12	16,59	5	18,79	4	16,59	19,69	19	13,90
313	33,33	14	15,33	6	16,37	-	-	18,85	24	12,57
301	27,35	30	11,43	25	11,30	-	-	13,06	42	10,80
311	26,17	33	11,35	8	10,13	13	14,29	17,41	47	10,41
314	25,87	8	10,50	2	8,53	-	-	13,31	20	10,00
302	21,08	24	9,60	8	8,74	5	12,33	13,23	46	8,79

* n = 5

Nota. 312 = Avaliación Psicolóxica II; 315 = Psicometría II; 313 = Neuropsicoloxía; 301 Avaliación Psicolóxica I; 311 Aprendizaxe Humana; 314 Procesos de Interacción Social; 302 Psicometría I.




Fig. 6. Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do terceiro curso.

Na ANOVA realizada para o terceiro curso obtivéronse tamén diferenzas significativas entre as distintas materias ($F_{(6, 124)} = 4,34 ; p \leq .001$). En cambio, as comparacións múltiples non amosaron diferenzas entre materias por pares.

Na figura 7, obsérvase que o traballo das materias troncais e obrigatorias do terceiro curso é maior no segundo cuadrimestre que no primeiro.

Titulación de Psicología




Fig. 7. Distribución da carga de traballo por períodos das materias do terceiro curso.

6.2.4. - Cuarto curso.

Na seguinte táboa preséntanse os valores de traballo total por crédito das materias do cuarto curso. Pódese apreciar nela a orde das materias en función dos datos achegados polos alumnos que as superaron. A que esixe maior traballo é *Psicopatología*; a continuación, *Psicofisiología*, *Psicología do Pensamento*, *Psicología da Educación*, *Técnicas de Modificación de Conducta*, *Psicología dos Grupos* e *Psicología das Organizacións*. Novamente, a dita orde varía se temos en conta as cualificacións.

Táboa 5. Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias de cuarto curso.

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo Superado*	Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n
405	36,78	23	22,24	12	19,93	4	25,78	21,12	34	20,95
411	40,20	55	21,96	18	20,67	9	20,61	24,09	77	18,81
403	49,71	32	20,41	11	18,08	6	18,90	18,83	34	19,64
401	44,41	26	20,33	6	18,47	10	22,13	21,88	35	20,12
406	30,45	20	19,22	3	16,05	8	21,48	20,48	32	17,65
404	37,00	60	14,28	16	13,44	22	12,93	16,06	63	14,26
402	48,36	26	12,93	4	10,92	13	15,88	13,18	35	12,39

* n = 11

Nota. 405 = *Psicopatología*; 411 = *Psicofisiología*; 403 = *Psicología do Pensamento*; 401 = *Psicología da Educación*; 406 = *Técnicas de Modificación de Conducta*; 404 = *Psicología dos Grupos*; 402 = *Psicología das Organizacións*

Novamente, a dita orde varía se temos en conta as cualificacións, como se pode constatar na figura 8.




Fig. 8. Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do cuarto curso.

A ANOVA para as materias do cuarto curso amosou, na mesma liña das anteriores, diferenzas significativas ($F_{(6,235)} = 9,70$; $p \leq .0001$). As comparacións múltiples amosaron diferenzas entre materias por pares no caso de *Psicología das Organizacións* e *Psicología dos Grupos* con *Psicología da Educación*, *Psicología do Pensamento*, *Psicofisioloxía* e *Psicopatoloxía*.

Pódese apreciar na figura 9 que a carga de traballo das materias troncais e obrigatorias de cuarto curso se distribúe equitativamente entre o primeiro e o segundo cuadrimestres.




Fig. 9. Distribución da carga de traballo por períodos das materias do cuarto curso.

6.2.5. - Quinto curso.

Preséntanse na táboa 6 os valores de traballo total por crédito das materias troncais e obrigatorias de quinto curso agás o *Practicum*. Nela pódese comprobar que a materia que esixe maior traballo, segundo os datos dos alumnos que obtiveron cualificacións de aprobado ou superiores, é *Psicología da Linguaxe*; séguena *Orientación Vocacional e Escolar* e *Modelos Multivariantes*.

Táboa 6. Valores máximos e medios do traballo total (en horas por crédito) para as materias do quinto curso.

Cod.	Máxi- mo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo Superado*	Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M	M	n	M
502	83,70	22	20,13	5	18,40	6	29,26	21,94	30	20,95
512	51,22	26	19,36	5	16,72	4	15,30	18,67	30	18,81
511	55,06	19	18,16	6	20,70	8	19,54	18,46	26	19,64

* n = 16

Nota. 502 = Psicoloxía da Linguaxe; 512 = Orientación Vocacional e Escolar; 511 Modelos Multivariantes.

De novo, a orde das materias segundo o volume de traballo varía ao ter en conta as cualificacións dos suxeitos. Pódese apreciar así na figura 10.




Fig. 10. Volume de traballo total (en horas por crédito) das materias do quinto curso.

Realizouse unha ANOVA para as materias de quinto curso análoga ás anteriores; esta non amosou diferenzas significativas entre o traballo esixido polas distintas materias.

Aínda que é de agardar que a distribución da carga de traballo ao longo do quinto curso varíe de maneira importante en función das materias optativas que o alumnado cursa, as materias troncais e obrigatorias no dito curso concéntranse no primeiro cuadrimestre, a coincidiren con dúas das tres optativas vinculadas as orientacións especializadas de Psicología Clínica e Psicología Social e do Traballo e cunha das optativas vinculadas da orientación especializada de Intervención en Psicología Evolutiva e da Educación.

6.3. O traballo non presencial das materias

Coa intención de analizar a carga de traballo non presencial por crédito das materias troncais e obrigatorias por separado e de realizar comparacións entre elas, procédese de xeito análogo ao anterior apartado.

Tomouse, neste caso, como referente o indicador *ECTS transformado-media por materia*, isto é, o número de horas requirido por crédito en cada materia troncal ou obrigatoria, polas tarefas académicas non presenciais, desde outubro até xuño.

Nas táboas elaboradas cos valores de traballo non presencial, incluíuse como criterio de agrupación dos suxeitos o cumprimento das horas presenciais. Neste sentido consideráronse asistentes habituais os que se situaron na media ou por riba dela canto a asistencia ás aulas teóricas e non asistentes os que mostraron valores inferiores á media. Na medida en que a asistencia ás aulas prácticas é obrigatoria nunha parte importante das materias, descartouse como indicador axeitado da inclinación persoal dos alumnos.

Así, reúnense nas táboas os seguintes datos: os valores máximos de traballo non presencial por crédito de cada materia, as medias de traballo non presencial daqueles alumnos que superaron as distintas materias en primeira convocatoria, dos que obtiveron cualificacións de aprobado e de sobresaliente nelas e dos que as superaron todas, as medias dos alumnos asistentes e non asistentes e as da mostra completa (incluíndo repetidores e suspensos).

Novamente, as materias preséntanse nas táboas ordenadas polo volume medio de traballo dos alumnos que as superaron. Acompáñanse, tamén, con gráficas en que se representa a distribución do traballo entre as materias de cada curso para os distintos grupos de suxeitos conformados.

6.3.1. - Primeiro curso.

Na táboa 7 preséntanse os valores de traballo non presencial por crédito indicados polos alumnos para as materias troncais e obrigatorias de primeiro curso. Como se pode observar nela, segundo os datos dos alumnos non repetidores que obtiveron cualificacións de aprobado ou superiores, por volume de traballo, as materias de primeiro curso, seguen a seguinte orde descendente: *Fundamentos de Psicobioloxía, Historia da Psicoloxía, Atención e Emoción, Condicionamento e Motivación, Psicoloxía do Desenvolvemento I, Psicoloxía da Personalidade, Psicoloxía Social I, Análise de Datos I e Análise de Datos II.*

Táboa 7. Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do primeiro curso.

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n	M	n	M	n
104	47,39	23	14,42	5	6,06	4	14,04	19,03	19	16,45	16	13,81	35	15,25
105	81,75	61	12,43	31	11,40	11	19,36	17,87	41	13,88	36	9,37	77	11,77
102	25,11	15	12,17	8	10,86	4	15,38	14,78	10	13,88	21	5,87	31	8,45
103	25,40	19	10,54	9	11,78	-	-	15,16	22	10,74	18	4,06	40	7,74
107	38,68	28	10,00	5	8,21	8	11,37	11,35	22	11,48	13	4,61	35	8,93
106	18,26	23	8,28	4	7,20	5	9,43	10,17	19	8,17	12	7,17	31	7,78
108	26,47	56	6,68	35	5,74	10	10,07	7,76	47	7,77	29	3,64	76	6,19

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n	M	n	M	n
101	47,37	71	5,54	14	3,92	29	5,85	6,92	44	6,58	30	3,55	74	5,35
111	15,67	19	5,44	5	4,76	10	6,45	6,72	18	4,97	12	4,18	30	4,65

* n = 8

Nota. 104 = Fundamentos de Psicobioloxía, 105 = Historia da Psicoloxía, 102 = Atención e Emoción; 103 = Condicionamento e Motivación; 107 = Psicoloxía do Desenvolvemento I; 106 = Psicoloxía da Personalidade; 108 = Psicoloxía Social I, 101 = Análise de Datos en Psicoloxía I, 111 = Análise de Datos en Psicoloxía II.

Na figura 11 pódese observar que a orde sofre pequenas variacións cando agrupamos os suxeitos pola súa cualificación e a asistencia.




Fig. 11. Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do primeiro curso.

A ANOVA realizada cos alumnos non repetidores con cualificacións de aprobado ou superiores amosou diferenzas significativas entre o traballo non presencial dedicado ás distintas materias ($F_{(8, 306)} = 5,96; p \leq .0001$). As comparacións múltiples amosaron diferenzas entre materias por pares no caso de *Fundamentos de Psicobioloxía con Análise de Datos II* e no caso de *Historia da Psicoloxía con Psicoloxía Social I e Análise de Datos II*.

Na figura 12 pódese apreciar como se distribúe o traballo non presencial por materias ao longo do primeiro curso. O desequilibrio entre cuatrimestres, que constatamos no apartado anterior, para o traballo total, acentúase cando consideramos separadamente o traballo non presencial.




Fig. 12. Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias do primeiro curso.

6.3.2. - Segundo curso.

A táboa 8 recolle os valores de traballo non presencial por crédito das materias troncais e obrigatorias de segundo curso. Apréciase nela que, en función dos valores dos alumnos que obtiveron cualificacións de aprobado ou superiores, as materias se axustan á seguinte orde descendente: *Psicología do Desenvolvemento II, Psicología Fisiolóxica, Deseños de Investigación II, Percepción, Memoria, Psicología Social II e Deseños de Investigación I.*

Táboa 8. Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do segundo curso.

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n	M	n	M	n
212	47,26	17	15,90	10	12,85	5	25,71	14,35	20	14,18	11	6,65	31	11,51
204	33,30	19	13,37	11	10,63	4	25,45	16,98	19	13,55	11	9,83	30	12,19
211	38,00	11	13,01	5	6,74	-	-	17,26	22	10,32	12	7,35	34	9,27
203	46,50	52	10,49	24	9,50	6	13,64	20,90	46	11,14	23	6,92	69	9,73
202	22,50	19	9,59	5	7,08	7	12,26	11,76	16	9,57	10	8,54	26	9,17
205	22,67	53	6,24	33	5,43	3	7,24	9,08	40	6,38	24	6,04	64	6,25
201	19,99	52	4,95	13	4,08	9	6,61	6,83	40	4,99	28	3,73	68	4,47

*n = 5

Nota. 212 = *Psicología do Desenvolvemento II*; 204 = *Psicología Fisiolóxica*; 211 = *Deseños de Investigación II*; 203 *Percepción*; 202 *Memoria*; 205 = *Psicología Social II*; 201 *Deseños de Investigación I.*

Ao ter en conta as cualificacións e a asistencia, prodúcense variacións nesta orde, tal como se pode apreciar na figura 13.

6. Análise de datos e resultados

0 traballo do alumnado de Psicología en termos ECTS

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Psicología




Fig. 13. Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do segundo curso.

Na ANOVA que se realizou para o 2º de segundo curso obtivéronse diferenzas significativas entre as distintas materias ($F_{(6,216)} = 9,47; p \leq .0001$). As comparacións múltiples non amosaron diferenzas entre materias por pares.

Pódese apreciar na figura 14 que o traballo non presencial distribúese equitativamente entre cuadrimestres no segundo curso.




Fig. 14. Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias de segundo curso.

6.3.3. - Terceiro curso.

Na táboa 9 pódese observar a orde que presentan as materias troncais e obrigatorias de terceiro curso por volume de traballo total por crédito. A que esixe maior traballo é *Avaliación Psicolóxica II*; a continuación, *Psicometría II*, *Neuropsicoloxía*, *Aprendizaxe Humana*, *Procesos de Interacción Social*, *Avaliación Psicolóxica I* e *Psicometría I*.

Táboa 9. Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do terceiro curso.

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n	M	n	M	n
312	22,89	9	12,91	5	15,06	-	-	12,38	9	11,40	6	8,89	15	10,39
315	23,26	12	10,01	5	11,81	4	10,46	13,02	11	10,15	6	7,21	17	9,12

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n	M	n	M	n
313	26,96	14	9,03	6	9,45	-	-	11,42	13	9,49	9	6,31	22	8,19
311	21,14	32	7,17	8	5,98	13	9,14	11,89	23	8,03	21	5,81	44	6,97
314	17,67	7	6,54	2	3,80	-	-	7,93	12	7,41	7	3,65	19	6,03
301	17,85	30	5,37	25	5,33	-	-	6,16	25	6,70	17	3,14	42	5,26
302	16,90	24	5,06	8	4,69	5	6,54	8,05	25	6,55	20	2,86	45	4,91

* n=5

Nota. 312 = Avaliación Psicolóxica II; 315 = Psicometría II; 313 = Neuropsicoloxía; 311 Aprendizaxe Humana; 314 Procesos de Interacción Social; 301 Avaliación Psicolóxica I; 302 Psicometría I.

Se temos en conta a influencia das cualificacións e a asistencia, podemos observar que se producen variacións nesta orde, como reflicte a figura 15.




Fig. 15. Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do terceiro curso.

Na ANOVA que se realizou para o terceiro curso, obtivéronse tamén diferenzas significativas entre as distintas materias ($F_{(6,121)} = 4,56$; $p \leq .001$). As comparacións múltiples non amosaron diferenzas entre materias por pares.

Na figura 16 obsérvase que o traballo non presencial das materias troncais e obrigatorias de terceiro curso se concentra no segundo cuadrimestre.

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Psicología




Fig. 16. Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias do terceiro curso.

6.3.4. - Cuarto curso.

Recóllese agora, na táboa 10, os valores de traballo non presencial por crédito das materias troncais e obrigatorias de cuarto curso. Apréciase nela que, en función dos valores dos alumnos que obtiveron cualificacións de aprobado ou superiores, as materias se axustan á seguinte orde descendente: *Psicopatoloxía, Psicología da Educación, Psicología do Pensamento, Psicofisioloxía, Técnicas de Modificación de Conducta, Psicología dos Grupos e Psicología das Organizacións.*

Táboa 10. Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias de cuarto curso.

Cod.	Máximo	Coo materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		n	M	n	M	n	M
405	31,22	23	15,61	12	13,59	4	19,69	13,89	22	14,77	12	13,82	34	14,44
401	39,24	26	15,05	6	13,15	10	16,88	14,53	25	14,66	10	15,67	35	14,95
403	44,43	32	14,87	11	12,96	6	13,48	11,98	21	15,54	13	12,26	34	14,29
411	31,09	55	14,40	18	13,83	9	12,31	14,73	44	14,59	31	9,25	75	12,38
406	23,35	20	12,24	3	9,06	8	14,16	13,17	20	12,25	12	9,72	32	11,30
404	30,20	59	8,70	16	8,21	22	7,40	10,56	40	9,95	21	6,62	61	8,80
402	41,50	26	7,98	4	6,66	13	10,38	7,91	22	8,29	13	6,52	35	7,64

* n = 9

Nota. 405 = *Psicopatoloxía*; 401 = *Psicología da Educación*; 403 = *Psicología do Pensamento*; 411 = *Psicofisioloxía*; 406 = *Técnicas de Modificación de Conducta*; 404 = *Psicología dos Grupos*; 402 = *Psicología das Organizacións.*

Novamente, a orde varía, se temos en conta as cualificacións e a asistencia, tal como se pode apreciar na figura 17.




Fig. 17. Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do cuarto curso.

A ANOVA que se realizou para as materias do cuarto curso amosou diferenzas significativas entre as distintas materias ($F_{(6,234)} = 7,77$; $p \leq .0001$). As comparacións múltiples amosaron diferenzas entre materias por pares, no caso de *Psicología das Organizaci* e *Psicología dos Grupos* con *Psicofisioloxía*, *Psicología do Pensamento*, *Psicología da Educación* e *Psicopatoloxía*.




Fig. 18. Distribución da carga de traballo non presencial por períodos das materias do cuarto curso.

6.3.5. - Quinto curso.

A táboa 11 presenta os valores do traballo non presencial por crédito indicados polos alumnos, para todas as materias troncais e obrigatorias de quinto curso, agás o *Practicum*. Como se pode observar nela, as materias por volume de traballo seguen a seguinte orde descendente: *Psicología da Linguaxe*, *Orientación Vocacional e Escolar* e *Modelos Multivariantes*.

Táboa 11. Valores máximos e medios do traballo non presencial (en horas por crédito) para as materias do quinto curso.

Cod.	Máximo	Coa materia superada		Aprobados		Sobresalientes		Con todo superado*	Asistentes		Non asistentes		Todos os alumnos	
		n	M	n	M	n	M		M	n	M	n	M	n
502	77,04	22	14,10	5	10,47	6	22,66	15,89	15	15,93	14	8,52	29	12,35
512	42,56	26	13,27	5	10,21	4	9,66	12,64	16	16,19	14	8,67	30	12,68
511	47,28	19	11,20	6	13,91	8	12,14	11,56	19	10,01	6	7,75	25	9,47

*n = 16

Nota. 502 = Psicoloxía da Linguaxe; 512 = Orientación Vocacional e Escolar; 511 Modelos Multivariantes.

Se temos en conta as cualificacións e a asistencia, prodúcense variacións na citada orde tal como se reflicte na figura 19.




Fig. 19. Volume de traballo non presencial (en horas por crédito) das materias do quinto curso.

Realizouse unha ANOVA para as materias do quinto curso en que non se obtiveron diferenzas significativas.

Novamente, cómpre salientarmos que as materias troncais e obrigatorias en quinto curso se concentran no primeiro cuadrimestre, a coincidiren con materias optativas de especial demanda.

6.4. O traballo esixido por cada tarefa non presencial ao longo dos cursos

Seguidamente, analizamos a carga de traballo de cada tipo de tarefa académica non presencial, desde outubro até xuño, nos distintos cursos da titulación. En primeiro lugar, recóllese a carga total por tipo de tarefa para cada curso, computada en horas de dedicación por crédito troncal e obrigatorio. Considéranse, por unha banda, todos os estudantes da mostra, e, por outra, aqueles que obtiveron un rendemento medio igual ou superior á media. Ao mesmo tempo, para o segundo grupo de suxeitos mencionado, compárase o tempo dedicado a cada tarefa entre cursos mediante unha ANOVA dun factor en que se toma como variable dependente o *tempo por tarefa promediado* (horas de dedicación no curso a cada actividade, por crédito troncal ou obrigatorio) e como factor o curso.

A continuación, compáranse a carga de traballo de cada tipo de tarefa, dentro de cada curso, para os suxeitos con rendemento medio igual ou superior á media. Para iso recóllense os seus valores medios de *tempo por tarefa* e aplícase unha ANOVA dun factor, en que se toma como variable dependente o dito valor e como factor a actividade. Acompañan ás descrições das comparacións dentro de cada curso unhas gráficas en que se representa a carga de traballo das distintas actividades ao longo dos meses lectivos. Finalízase o apartado cunha gráfica en que se representa a carga de traballo das distintas actividades ao longo dos cursos.

Pódense consultar, na táboa 12, os valores medios de horas de traballo para as distintas tarefas académicas, por crédito troncal e obrigatorio, para todos os suxeitos da mostra, ordenados segundo o tempo total esixido (o sumatorio dos anteriores valores) nas ringleiras e por cursos nas columnas. Os valores maiores de cada tarefa preséntanse en negra. A tarefa en que invisten máis tempo os alumnos é no *estudo*; a moita distancia, sitúanse o resto das tarefas.

Soamente o *estudo*, os *informes de prácticas* e as *lecturas* teñen presenza en todos os cursos. Os *exercicios* só se demandan en primeiro curso e os *traballos individuais*, as *exposicións orais* e os *casos clínicos* só en cuarto. Nas tarefas compartidas é o primeiro curso o que demanda máis tempo para as *procuras bibliográficas*, segundo para as *lecturas*, cuarto para o *estudo* e os *traballos de grupo* e quinto para os *informes de prácticas*. En cambio, os menores tempos sitúanse en primeiro para as *prácticas de campo*, en segundo para os *informes de prácticas*, os *traballos de grupo* e a *resolución de problemas*, en terceiro para o *estudo* e as *lecturas* e en cuarto para *procuras bibliográficas*.

Táboa 12. Valores medios do tempo (en horas por crédito troncal e obrigatorio) dedicado as tarefas académicas, considerando todos os suxeitos da mostra.

Tarefa	1º		2º		3º		4º		5º		total	
	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	Σ
Estudo	416	7,29	321	7,51	204	5,99	291	10,23	84	9,37	1316	40,39
Traballos individuais	-	-	-	-	-	-	10	15,00	-	-	10	15,00
Informes de prácticas	132	1,75	105	1,32	79	1,57	209	1,53	54	2,55	579	8,72
Lecturas	142	0,98	48	1,45	13	0,43	95	0,83	49	1,01	347	4,70
Exercicios	17	3,87	-	-	-	-	-	-	-	-	17	3,83
Traballos de grupo	73	0,94	13	0,54	-	-	26	2,03	-	-	112	3,51
Prácticas de campo	11	1,17	3	2,13	-	-	-	-	-	-	14	3,33
Resolución de problemas	8	1,21	38	0,32	-	-	-	-	-	-	46	1,53
Procuras bibliográficas	16	0,56	14	0,33	-	-	7	0,13	4	0,20	41	1,22
Exposicións orais	-	-	-	-	-	-	11	0,96	-	-	11	0,96

6. Análise de datos e resultados

0 traballo do alumnado de Psicoloxía en termos ECTS

Titulación de Psicología

	1.º		2.º		3.º		4.º		5.º		total	
Casos clínicos	-	-	-	-	-	-	7	0,28	-	-	7	0,28

A seguinte táboa presenta os valores medios de horas de traballo para as distintas tarefas, por crédito troncal e obrigatorio, para os suxeitos que amosaron un rendemento medio superior ou igual á media. A orde das tarefas, por tempo requirido ao longo dos cursos, varía con relación á da anterior táboa, agás nas que maior traballo demandan. En cambio, a orde entre cursos para cada tarefa permanece.

Táboa 13. Valores medios do tempo (en horas por crédito troncal e obrigatorio) dedicado as tarefas académicas, ao considerar os suxeitos cun rendemento medio igual ou superior á media.

Tarefa	1.º		2.º		3.º		4.º		5.º		total	
	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	Σ
Estudo	219	8,29	153	8,34	112	5,78	139	10,94	48	8,69	671	42,04
Traballos individuais	-	-	-	-	-	-	5	17,16	-	-	5	17,16
Informes de prácticas	78	2,07	58	1,59	51	1,50	98	1,65	28	2,72	313	9,53
Exercicios	9	6,06	-	-	-	-	-	-	-	-	9	6,06
Lecturas	80	1,18	30	1,72	10	0,46	38	0,75	28	1,09	186	5,20
Traballos de grupo	41	0,95	5	0,40	-	-	14	2,05	-	-	60	3,40
Procuras bibliográficas	10	0,64	6	0,34	-	-	4	0,19	2	0,15	22	1,32
Exposicións orais	-	-	-	-	-	-	7	1,03	-	-	7	1,03
Resolución de problemas	4	0,62	15	0,45	-	-	-	-	-	-	19	1,07
Prácticas de campo	8	0,98	-	-	-	-	-	-	-	-	8	0,98
Casos clínicos	-	-	-	-	-	-	2	0,17	-	-	2	0,17

As ANOVA que se aplicaron para comparar o traballo esixido por cada tipo de actividade de non presencial entre cursos amosaron diferenzas significativas respecto ao *estudo* ($F_{(4, 666)} = 10,17$; $p \leq .0001$), as *lecturas* ($F_{(4, 181)} = 3,12$; $p \leq .016$) e os *informes de prácticas* ($F_{(4, 308)} = 2,40$; $p \leq .05$). As comparacións múltiples indicaron diferenzas significativas para o *estudo*, de terceiro con todos os demais cursos e de cuarto con primeiro e segundo; para as *lecturas* amosaron diferenzas de terceiro con primeiro e segundo.

Preséntanse agora, na táboa 14, os valores medios de horas de traballo (sen promediar: *tempo por tarefa*) para os suxeitos que obtiveron un rendemento medio igual ou superior á media.

Táboa 14. Valores medios do tempo total por tarefa (en horas), ao considerar os suxeitos cun rendemento medio igual ou superior á media.

Tarefa	1. ^o		2. ^o		3. ^o		4. ^o		5. ^o		total	
	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	Σ
Estudo	219	55,84	153	54,22	112	36,02	139	71,56	48	39,09	671	256,73
Traballos individuais	-	-	-	-	-	-	5	154,43	-	-	5	154,43
Informes de prácticas	78	13,79	58	12,75	51	9,07	98	9,50	28	12,24	313	57,35
Exercicios	9	51,48	-	-	-	-	-	-	-	-	9	51,48
Traballos de grupo	41	6,41	5	3,83	-	-	14	18,65	-	-	60	28,89
Lecturas	80	7,63	30	14,66	10	3,62	38	6,69	28	4,89	186	37,49
Prácticas de campo	8	11,29	-	-	-	-	-	-	-	-	8	11,29
Exposicións orais	-	-	-	-	-	-	7	10,12	-	-	7	10,12
Procuras bibliog.	10	3,87	6	3,12	-	-	4	1,71	2	0,67	22	9,37
Res. de problemas	4	3,08	15	2,52	-	-	-	-	-	-	19	5,60
Casos clínicos	-	-	-	-	-	-	2	1,50	-	-	2	1,50

Nas comparacións destes valores por cursos obtivéronse os seguintes resultados:

- No primeiro curso, a actividade que require máis traballo é o *estudo*, seguida polos *exercicios*, os *informes de prácticas*, as *lecturas*, as *prácticas de campo*, os *traballos de grupo*, as *procuras bibliográficas* e a *resolución de problemas*. Os resultados da ANOVA amosaron diferenzas significativas ($F(7, 441) = 26,60; p \leq .0001$). Nas comparacións múltiples amosáronse diferenzas por pares entre as seguintes actividades: *estudo* con todas as demais agás *exercicios*; *informes de prácticas* con *traballos de grupo*, *procuras bibliográficas* e *resolución de problemas*; *lecturas* con *resolución de problemas*. Pódese apreciar na figura 20 a distribución do traballo de primeiro ao longo dos meses lectivos.

Titulación de Psicoloxía




Fig. 20. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o primeiro curso.

- No segundo curso, segundo a súa carga de traballo, as actividades axústanse á seguinte orde descendente: *estudo*, *lecturas*, *informes de prácticas*, *traballos de grupo*, *procuras bibliográficas* e *resolución de problemas*. Comprobouse na ANOVA que se producen diferenzas significativas entre as distintas actividades ($F(5, 261) = 12,41$; $p \leq .0001$). Nas comparacións múltiples amosáronse diferenzas por pares entre as seguintes actividades: *estudo* con todas as demais; *procuras bibliográficas* e *resolución de problemas* con *informes de prácticas* e *lecturas*; *traballos de grupo* con *lecturas*. A figura 21 recolle a distribución do traballo de segundo ao longo dos meses lectivos.




Fig. 21. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o segundo curso.

- No terceiro curso, o *estudo* é de novo a actividade que maior traballo esixe. Moi por detrás sitúanse os *informes de prácticas* e as *lecturas*. Na ANOVA acháronse diferenzas significativas entre as actividades ($F(2, 170) = 25,12$; $p \leq .0001$), unhas diferenzas que son significativas entre as tres actividades rexistradas na comparación por pares. A figura 22 recolle a distribución do traballo de terceiro ao longo dos meses lectivos.




Fig. 22. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos para o terceiro curso.

- No cuarto curso, segundo a súa carga de traballo, as actividades axústanse á seguinte orde descendente: *traballos individuais*, *estudo*, *traballos de grupo*, *exposicións orais*, *informes de prácticas*, *lecturas*, *procuras bibliográficas* e *casos clínicos*. Comprobouse mediante a ANOVA que existen diferenzas significativas entre as distintas actividades de cuarto curso ($F(7, 299) = 36,38$; $p \leq .0001$). Canto ás comparacións múltiples, constáronse diferenzas significativas entre pares de *estudo* con todas as demais agás os *traballos individuais* e das *procuras bibliográficas* e dos *casos clínicos* cos *traballos de grupo* e cos *Informes de prácticas*. Pódese apreciar na figura 23 a distribución do traballo de cuarto ao longo dos meses lectivos.




Fig. 23. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o cuarto curso.

- No quinto curso, o *estudo* é de novo a actividade que maior traballo esixe. Sitúanse a continuación os *informes de prácticas*, as *lecturas* e as *procuras bibliográficas*. Na ANOVA encontráronse diferenzas significativas entre as actividades ($F(4, 133) = 23,38$; $p \leq .0001$), unhas diferenzas que son significativas en todas as actividades. Preséntase na figura 25 a distribución do traballo de quinto ao longo dos meses lectivos.

Titulación de Psicoloxía




Fig. 24. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por meses lectivos, para o quinto curso.

Na seguinte figura pódese apreciar como se distribúe o traballo entre tarefas ao longo dos cursos da titulación para os estudantes que amosaron un rendemento medio igual ou superior á media.




Fig. 25. Volume de traballo das distintas tarefas académicas por cursos.

6.5. O traballo esixido por cada tarefa nas materias

Preséntanse as análises descritivas para as distintas actividades non presenciais por materias de cada curso. Ordenáronse as actividades, en cada curso, a comezar pola de maior presenza e remátase polas que se presentan nunha única materia. Naqueles casos en que as tarefas estivesen presentes en máis de dúas materias, aplicouse unha ANOVA dun factor e tomouse como variable dependente o *tempo por tarefa-promediado* (tempo por tarefa/número de créditos da materia) e como factor a materia. Deste xeito poderíase comprobar se as tarefas son especialmente requiridas en materias concretas. Péchase a descrición dos resultados para cada curso cunha gráfica en que se representa o traballo das distintas materias por actividades.

6.5.1. Primeiro curso.

Tal como se indicou no anterior apartado, os alumnos informaron das seguintes tarefas: *estudio, informes de prácticas, lecturas, traballos de grupo, exercicios, resolución de problemas, prácticas de campo e procuras bibliográficas*. A continuación analízanse por separado.

- a. Actividade de *estudo*. A seguinte táboa recolle os valores medios de traballo para a actividade do *estudo* nas distintas materias de primeiro curso.

Táboa 15. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade do *estudo* por materias de primeiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Atención e Emoción	11	12,13	20	8,83
Fundamentos de Psicobioloxía	23	11,10	34	13,01
Historia da Psicoloxía	61	10,44	77	9,87
Psicoloxía do Desenvolvemento I	28	8,92	35	7,83
Condicionamento e Motivación	19	8,19	40	6,44
Psicoloxía Social I	55	6,10	75	5,62
Psicoloxía da Personalidade	23	5,65	31	5,59
Análise de Datos II	19	5,43	30	4,65
Análise de Datos I	71	5,40	74	5,22

Na ANOVA obtivéronse diferenzas significativas ($F_{(8, 301)} = 3,95$; $p \leq .0001$). Nas comparacións múltiples non se constataron diferenzas significativas.

- b. *Actividade dos informes de prácticas*. Na táboa 16 pódense consultar os valores medios de traballo para a actividade dos *informes de prácticas* nas distintas materias de primeiro curso en que a dita tarefa foi solicitada.

Táboa 16. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade dos *Informes de prácticas* por materias do primeiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Atención e Emoción	10	3,84	20	3,48
Condicionamento e Motivación	14	3,18	19	2,73
Psicoloxía da Personalidade	22	2,69	28	2,37
Fundamentos de Psicobioloxía	18	0,86	26	0,75
Historia da Psicoloxía	22	0,61	26	0,55
Psicoloxía do Desenvolvemento I	11	0,49	13	0,67

A ANOVA amosou diferenzas significativas ($F_{(5, 91)} = 12,23$; $p \leq .0001$). As comparacións por pares tamén amosaron diferenzas entre a *Psicoloxía do Desenvolvemento I* coa *Psicoloxía da Personalidade* e co *Condicionamento e Motivación* e entre os *Fundamentos de Psicobioloxía* e a *Psicoloxía da Personalidade*.

6. Análise de datos e resultados

Titulación de Psicoloxía

- c. Actividade de *lecturas*. Na seguinte táboa recóllense os valores medios de traballo para a actividade de *lecturas*, nas distintas materias de primeiro curso en que esta tarefa foi requirida.

Táboa 17. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade Lecturas por materias de primeiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Historia da Psicoloxía	50	1,36	59	1,30
Psicoloxía do Desenvolvemento I	8	0,98	12	0,93
Atención e Emoción	9	0,93	12	0,81
Psicoloxía Social I	40	0,79	54	0,75
Psicoloxía da Personalidade	4	0,33	5	0,31

A ANOVA non amosou diferenzas significativas. Canto ás comparacións por pares, só se obtiveron diferenzas significativas de *Psicoloxía da Personalidade* con *Historia da Psicoloxía* e *Psicoloxía Social I*.

- d. Actividade de *traballos de grupo*. Preséntanse agora os valores medios de traballo para a actividade de *traballos de grupo* nas materias de primeiro curso.

Táboa 18. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de Traballos de grupo por materias de primeiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Con todos os alumnos	
	n	M	n	M
Historia da Psicoloxía	20	1,57	30	1,52
Atención e Emoción	5	0,60	8	0,78
Psicoloxía do Desenvolvemento I	9	0,51	10	0,56
Psicoloxía Social I	16	0,44	19	0,44
Fundamentos de Psicobioloxía	4	0,12	6	0,56

Na ANOVA constatáronse diferenzas significativas ($F_{(4,49)} = 10,06$; $p \leq .0001$). Nas comparacións múltiples só se manifestaron significativas as diferenzas de *Historia da Psicoloxía* con todas as demais e de *Psicoloxía Social I* coa de *Fundamentos de Psicobioloxía*.

- e. Outras actividades. Recóllense na táboa 19 aquelas actividades requiridas nunha única materia de primeiro.

Táboa 19. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á outras actividades de primeiro curso.

Actividade	Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
		n	M	n	M
Exercicios	Fund. de Psicobioloxía	12	5,04	7	3,87
Problemas	Análise de Datos I	8	1,21	8	1,21
Prácticas de campo	P. do Desenvolvemento I	10	0,97	11	1,17
Procuras bibliog.	Historia da Psicoloxía	15	0,56	16	0,56

Na seguinte figura, preséntase a carga das distintas actividades por materias.




Fig. 26. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas de primeiro curso.

6.5.2. Segundo curso.

As tarefas rexistradas en segundo curso foron as seguintes: *estudo*, *informes de prácticas*, *lecturas*, *resolución de problemas*, *procuras bibliográficas* e *traballos de grupo*. A continuación analizámoslas por separado.

- Actividade de *estudo*. A táboa 20 recolle os valores medios de traballo para a actividade de *estudo* nas distintas materias de segundo curso.

Táboa 20. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de estudo por materias de segundo curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Deseños de Investigación II	11	12,99	33	9,31
Psicología Fisiolóxica	19	11,59	30	10,77
Psicología do Desenvolvemento II	17	11,17	31	8,25
Percepción	52	10,10	69	9,39
Memoria	19	7,08	26	7,09
Psicología Social II	53	6,24	64	6,25
Deseños de Investigación I	52	4,75	68	4,20

6. Análise de datos e resultados

Titulación de Psicología

A ANOVA amosou que existen diferenzas significativas entre materias ($F_{(6, 216)} = 6,60$; $p \leq .0001$). Nas comparacións múltiples non se acharon diferenzas por pares.

- b. Actividade de *informes de prácticas*. Preséntanse na táboa 21 os valores medios de traballo para a actividade de *informes de prácticas* nas materias de segundo curso.

Táboa 21. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de *informes de prácticas* por materias de segundo curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicología do Desenvolvemento II	15	3,13	22	2,74
Memoria	17	2,65	19	2,59
Psicología Fisiolóxica	16	0,63	19	0,69
Deseños de Investigación II	0	-	3	0,67
Percepción	20	0,40	25	0,39
Deseños de Investigación I	15	0,27	17	0,28

Constatáronse na ANOVA unhas diferenzas significativas entre as materias ($F_{(4,78)} = 12,05$; $p \leq .0001$). Canto á comparación por pares só se observaron diferenzas de *Memoria* con *Psicología Fisiolóxica* e con *Deseños de Investigación I*.

- c. Actividade de *lecturas*. Preséntanse agora os valores medios de traballo para a actividade de *lecturas* nas materias de segundo curso.

Táboa 22. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de *lecturas* por materias de segundo curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	N	M
Psicología do Desenvolvemento II	12	2,04	18	1,72
Percepción	6	1,95	7	1,81
Psicología Fisiolóxica	15	1,31	19	1,14
Memoria	3	0,71	4	1,12

A ANOVA realizada para a actividade de *lecturas*, en segundo curso, non amosou diferenzas significativas.

- d. Actividade de *resolución de problemas*. A táboa 23 recolle os valores medios de traballo para a actividade de *resolución de problemas* nas materias de segundo curso.

Táboa 23. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de resolución de problemas por materias de segundo curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	N	M
Deseños de Investigación I	23	0,29	29	0,51
Deseños de Investigación II	1	0,20	9	0,27

A ANOVA que se realizou para a actividade de resolución de problemas, en segundo curso, non amosou diferenzas significativas.

- e. Actividade de *procuras bibliográficas*. A seguinte táboa recolle os valores medios de traballo para a actividade de *procuras bibliográficas* nas materias de segundo curso.

Táboa 24. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de procuras bibliográficas por materias de segundo curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicoloxía Fisiolóxica	5	0,35	8	0,41
Percepción	3	0,19	6	0,36

A ANOVA realizada para a actividade *procuras bibliográficas*, en segundo curso, non amosou diferenzas significativas.

- f. Actividade de *traballos de grupo*. A táboa 25 reúne os valores medios de traballo para a actividade de *traballos de grupo* nas materias de segundo curso.

Táboa 25. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de traballos de grupo por materias de segundo curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	N	M	n	M
Psicoloxía Fisiolóxica	4	0,59	7	0,65
Psicoloxía do Desenvolvemento II	5	0,37	6	0,40

A ANOVA realizada para a actividade de *traballos de grupo* en segundo curso non amosou diferenzas significativas.

A continuación presentamos unha gráfica onde se pode apreciar a distribución da carga de traballo das actividades en cada materia do segundo curso.

Titulación de Psicología




Fig. 27. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas de segundo curso.

6.5.3. Terceiro curso.

As tarefas rexistradas en terceiro curso foron o estudo, os *informes de prácticas* e as *lecturas*. A continuación analízanse por separado.

- a. Actividade de *estudo*. Na seguinte táboa pódense consultar os valores medios de traballo para a actividade de *estudo* nas materias de terceiro curso.

Táboa 26. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de estudo por materias de terceiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Avaliación Psicolóxica II	9	12,15	15	9,49
Psicometría II	12	9,83	17	8,99
Neuropsicoloxía	14	9,03	22	8,12
Procesos de Interacción Social	7	6,46	19	5,90
Avaliación Psicolóxica I	30	5,03	42	4,92
Psicometría I	24	4,88	45	4,79
Aprendizaxe Humana	32	4,81	44	4,84

A ANOVA que se realizou para a actividade de *estudo* nas materias de terceiro curso amosou diferenzas significativas ($F_{(6,121)} = 5,73; p \leq .0001$). En cambio, nas comparacións múltiples non se atoparon diferenzas significativas entre pares.

- b. Actividade de *informes de prácticas*. Preséntanse agora os valores medios de traballo para a actividade *Informes de prácticas* nas materias de terceiro curso.

Táboa 27. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de informes de prácticas por materias de terceiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Aprendizaxe Humana	25	3,00	32	2,91
Avaliación Psicolóxica II	5	1,35	9	1,50
Psicometría I	8	0,46	10	0,48
Psicometría II	5	0,41	5	0,41
Avaliación Psicolóxica I	19	0,39	23	0,46

Na ANOVA que se realizou para a actividade de *informes de prácticas* constatáronse diferenzas significativas ($F_{(4,57)} = 17,67$; $p \leq .0001$). Canto ás comparacións por pares, só se acharon diferenzas de *Aprendizaxe Humana* con *Psicometría I*, *Psicometría II* e *Avaliación Psicolóxica I*.

- c. Actividade de *lecturas*. A táboa 28 presenta os valores medios de traballo para a actividade de *lecturas* nas materias de terceiro curso.

Táboa 28. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de lecturas por materias de terceiro curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Procesos de Interacción Social	1	0,57	4	0,59
Avaliación Psicolóxica I	7	0,39	9	0,36

A figura 28 representa a distribución da carga de traballo das actividades en cada materia de terceiro curso.




Fig. 28. Volume de traballo (en horas por crédito) por materias das tarefas académicas do terceiro curso.

6. Análise de datos e resultados

0 traballo do alumnado de Psicología en termos ECTS

Titulación de Psicoloxía

6.5.4. Cuarto curso.

As tarefas rexistradas en cuarto curso foron o *estudo*, os *informes de prácticas*, as *lecturas*, os *traballos de grupo*, as *exposicións orais*, os *traballos individuais*, os *casos clínicos* e as *procuras bibliográficas*. A continuación analízanse por separado.

- a. *Actividade de estudo*. A táboa 29 presenta os valores medios de traballo para a actividade de *estudo* nas materias de cuarto curso.

Táboa 29. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de estudo por materias de cuarto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicopatoloxía	23	15,25	34	13,85
Psicoloxía do Pensamento	32	13,22	34	12,70
Psicofisioloxía	55	11,77	72	10,44
Téc. de Mod. de Conducta	20	10,56	32	9,46
Psicoloxía da Educación	23	10,36	25	10,51
Psicoloxía dos Grupos	57	8,59	59	8,69
Psicoloxía das Organizacións	26	7,44	35	7,03

Acháronse diferenzas significativas na ANOVA ($F_{(6, 229)} = 5,16; p \leq .0001$). Canto ás comparacións múltiples, non se acharon diferenzas entre materias por pares.

- b. *Actividade de informes de prácticas*. Presentamos agora os valores medios de traballo para a actividade de *informes de prácticas* nas materias de cuarto curso.

Táboa 30. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de Informes de prácticas por materias de cuarto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicofisioloxía	54	2,57	68	2,48
Psicoloxía do Pensamento	26	1,82	27	1,79
Psicoloxía da Educación	24	1,44	32	1,30
Psicoloxía das Organizacións	13	1,08	21	1,01
Técnicas de Modificación de Conducta	7	0,80	14	0,90
Psicoloxía dos Grupos	41	0,58	42	0,58
Psicopatoloxía	3	0,50	5	0,55

Acháronse diferenzas significativas na ANOVA ($F_{(6, 161)} = 6,09$; $p \leq .0001$). Canto ás comparacións múltiples, atopáronse diferenzas de *Psicofisioloxía* con *Psicoloxía dos grupos* e *Psicopatoloxía* e de *Psicoloxía do Pensamento* con *Psicopatoloxía*.

- c. Actividade de *lecturas*. Na seguinte táboa recóllense os valores medios de traballo para a actividade *Lecturas* nas materias de cuarto curso.

Táboa 31. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de lecturas por materias de cuarto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Técnicas de Modificación de Conducta	16	0,99	24	1,26
Psicoloxía da Educación	19	0,90	23	0,83
Psicoloxía do Pensamento	8	0,71	8	0,71
Psicopatoloxía	13	0,49	21	0,73
Psicofisioloxía	13	0,42	19	0,45

Na ANOVA non se acharon diferenzas significativas

- d. Actividade de *traballos de grupo*. A táboa 32 recolle os valores medios de traballo para a actividade de *traballos de grupo* nas materias do cuarto curso.

Táboa 32. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de traballos de grupo por materias do cuarto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicoloxía da Educación	14	2,47	18	2,63
Técnicas de Modificación de Conducta	6	0,60	8	0,68

A ANOVA amosou diferenzas significativas ($F_{(1, 18)} = 6,86$; $p \leq .002$).

- e. *Actividade de exposicións orais*. A seguinte táboa recolle os valores medios de traballo para a actividade de *exposicións orais* nas materias de cuarto curso.

Táboa 33. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de exposicións orais por materias de cuarto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	N	M	n	M
Técnicas de Modificación de Conducta	7	0,96	9	1,00
Psicoloxía da Educación	2	0,81	2	0,81

A ANOVA non amosou diferenzas significativas.

- f. *Outras actividades.* A táboa 34 recolle aquelas actividades requiridas nunha única materia do cuarto curso.

Táboa 34. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á outras actividades do cuarto curso.

Actividade	Materia	Coa materia superada		Todos os alumnos	
		n	M	n	M
Traballos ind.	Psicología da Educación	3	21,43	10	14,99
Casos clínicos	Psicopatoloxía	4	0,12	7	0,27
Procuras bibliog.	Psicología da Educación	4	0,16	7	0,12

A figura 29 representa a distribución da carga de traballo das actividades en cada materia de cuarto curso.




Fig. 29. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas do cuarto curso.

6.5.5. Quinto curso.

As tarefas rexistradas en quinto curso foron o *estudo*, os *informes de prácticas*, as *lecturas* e as *procuras bibliográficas*. A continuación analízanse por separado.

- a. *Actividade de estudo.* Na táboa 35 preséntanse os valores medios de traballo para a actividade de *estudo* nas materias do quinto curso.

Táboa 35. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade do estudo por materias de quinto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicología da Linguaxe	22	12,64	29	11,00
Modelos Multivariantes	19	10,24	25	8,41
Orientación Vocacional e Escolar	26	8,92	30	8,59

A ANOVA non amosou diferenzas significativas.

- b. *Actividade de informes de prácticas*. A táboa 36 presenta os valores medios de traballo para a actividade de *informes de prácticas* nas materias do quinto curso.

Táboa 36. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de informes de prácticas por materias de quinto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Orientación Vocacional e Escolar	24	4,30	28	4,00
Psicología da Linguaxe	19	1,13	23	1,08
Modelos Multivariantes	1	0,44	3	0,32

A ANOVA amosou diferenzas significativas ($F_{(2,41)} = 12,63$; $p \leq .0001$). Canto ás comparacións por pares observáronse diferenzas entre todas as materias.

- c. *Actividade de lecturas*. Na táboa 37, preséntanse os valores medios de traballo para a actividade de *Lecturas* nas materias de quinto curso.

Táboa 37. Tempo medio de traballo (en horas por crédito) dedicado á actividade de lecturas por materias de quinto curso.

Materia	Alumnos coa materia superada		Todos os alumnos	
	n	M	n	M
Psicología da Linguaxe	5	2,10	8	1,72
Modelos Multivariantes	14	1,25	19	1,33
Orientación Vocacional e Escolar	20	0,50	22	0,48

A ANOVA amosou diferenzas significativas ($F_{(2,36)} = 5,06$; $p \leq .012$). Canto ás comparacións por pares, non se amosaron diferenzas significativas.

- d. *Actividade de procuras bibliográficas*. A actividade de *procuras bibliográficas* soamente se solicita, no quinto curso, na materia de *Psicología da Linguaxe*. O tempo medio de traballo para a dita actividade é de 0.20 para os 4 alumnos que informaron.

Titulación de Psicoloxía

A seguinte figura representa a distribución da carga de traballo das actividades en cada materia do quinto curso.




Fig. 30. Volume de traballo (en horas por crédito), por materias, das tarefas académicas de quinto curso

6.6. O tempo medio dedicado a cada actividade

Neste apartado preséntanse os datos recadados acerca do tempo que demandan, por unidade, os distintos tipos de tarefas académicas. Como se indicou ao describir o procedemento, non se instruíu os suxeitos para especificaren o tempo por unidade; os datos dispoñibles corresponden a aqueles que o fixeron por propia iniciativa.

Táboa 38. Tempo medio por unidade de actividade, en minutos, para todas as materias.

Cod.	IP		LE		TG		PU		RP		EXP		PC		EXE		CC	
	n	M	n	M	N	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M
101	-	-	-	-	-	-	-	-	7	44	-	-	-	-	-	-	-	-
102	30	143	11	93	8	161	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
103	19	104	-	-	2	155	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
104	31	63	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	31	257	-	-
105	7	105	21	109	49	216	-	-	9	97	-	-	-	-	-	-	-	
106	17	119	3	143	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
107	11	207	16	86	26	178	-	-	-	-	-	-	5	204	-	-	-	
108	14	161	39	174	2	120	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
111	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
201	13	82	-	-	-	-	-	-	22	45	-	-	-	-	-	-	-	
202	13	129	3	247	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
203	24	79	5	51	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
204	23	66	12	115	10	245	13	113	-	-	-	-	-	-	-	-	-	

Cod.	IP		LE		TG		PU		RP		EXP		PC		EXE		CC	
	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M	n	M
205	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
211	4	105	-	-	-	-	-	-	11	72	-	-	-	-	-	-	-	-
212	10	138	5	35	11	369	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
301	16	134	2	43	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
302	12	88	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
311	7	93	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
312	10	121	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
313	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
314	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
315	5	124	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
401	24	136	13	117	25	356	18	59	-	-	4	101	-	-	-	-	-	-
402	23	123	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
403	23	221	6	77	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
404	38	98	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
405	3	56	20	64	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	12	59
406	16	92	19	220	18	265	-	-	-	-	9	334	-	-	-	-	-	-
411	55	95	14	79	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
501	16	115	3	50	-	-	2	36	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
511	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
512	22	147	14	58	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Nota. IP = informe de prácticas; LE = lecturas; TG = traballos de grupo; PU = procuras bibliográficas; RP = resolución de problemas; EXP = exposicións orais; PC = prácticas de campo; EXE = exercicios; CC = casos clínicos.

A táboa 38 reúne as medias do tempo por unidade, en minutos, para os distintos tipos de tarefa, para todas as materias da titulación, ordenadas segundo o curso. Pódese observar nela que os tempos para os *informes de prácticas* se sitúan entre 56 e 221 minutos, para as *lecturas* entre 35 e 247, para os *traballos de grupo* entre 120 e 369, para as *procuras bibliográficas* entre 35 e 113, para *resolución de problemas* entre 44 e 72, para *exposicións orais* entre 101 e 334, para *prácticas de campo* en 204, para *exercicios* en 257 e para *casos clínicos* en 59.

As maiores medias para os *informes de prácticas* corresponden ás materias da área de *Psicología Evolutiva e da Educación* e os menores á área de *Psicobiología*. Para o resto das tarefas, os máximos e mínimos varían entre áreas.

6. Análise de datos e resultados

0 traballo do alumnado de Psicología en termos ECTS



7. Implicaciones do estudo

7. Implicacións do estudo

Conforme aos obxectivos do estudo, procede agora valorarmos a correspondencia entre o noso actual modelo de ensino-aprendizaxe e o modelo europeo e ofrecermos orientacións para o deseño dos futuros planos de estudo e das futuras programacións docentes, a partirmos dos resultados obtidos. Para isto, revisaranse estes e compararanse, no seu caso, cos de estudos previos, así como cos parámetros do crédito europeo.

A carga de traballo total por curso varía, como se describiu no apartado 6.1, entre 11,3 e 19,17 horas por crédito para os alumnos con cualificación media igual ou superior á media, e entre 10,99 e 17,53 para toda a mostra. Nun estudo previo de Romero, Marín e Moreno (2003)⁷ achéganse datos de traballo total e non presencial para as materias do primeiro curso de Psicoloxía na Universidade de Murcia. O traballo total medio por crédito, informado no dito estudo, é de 29,9 e o non presencial de 19,93. Trátase de valores superiores aos rexistrados en Santiago (21,25 e 15,25, respectivamente para o primeiro curso). As diferenzas moi ben poderían atribuírse aos sistemas de rexistro utilizados. No estudo de Murcia, os datos se recolleron ao comezo do segundo curso mediante un cuestionario en que se lles solicitaba aos suxeitos unha estimación do tempo dedicado por semana (en época de exames) e por horas ao día (en días de exames) as tarefas non presenciais, abarcando “os períodos non lectivos (fins de semana, vacacións, períodos de exames)” de todo o curso académico. A esta estimación sumóuselle a presencialidade teórica para obter o traballo total. En Santiago, en cambio, como se lembrará, os datos recolléronse en “tempo real”, mensualmente desde outubro ata xuño e rexistráronse os datos de asistencia real tamén.

Se temos en conta que o crédito europeo para a titulación de Psicoloxía, segundo o “Libro branco”, comprenderá 25 horas de dedicación, apréciase, segundo os datos do presente estudo para os alumnos con cualificacións medias iguais ou superiores á media, un desfase de entre 5,83 horas por crédito (valor correspondente ao curso de maior esixencia) e 13,7 (o do que menos tempo esixe) entre o modelo actual e o futuro. Na mostra total, o desfase varía entre 7,47 e 10,99. Pódese constatar, ao comparar o *ECTS total* e o *ECTS total-transformado*, que parte da diferenza se debe ao incumprimento da presencialidade, atribuíble ao absentismo dos propios alumnos e, talvez nalgunha medida, á redución da docencia presencial por parte do profesorado, en concordancia co RD 779/1998.

O maior achegamento ao modelo europeo do noso actual sistema tería lugar no caso de que, á marxe de se cumprir a presencialidade, por cada crédito o alumno dedicase 15 horas a tarefas académicas non presenciais. A distancia deste valor, para os alumnos con cualificacións medias iguais ou superiores á media, como se pode constatar na táboa 1, varía entre 2,26 no caso de cuarto curso (o que demanda maior traballo non presencial) e 8,48 no caso de terceiro (o de menor demanda). Para a mostra total, a distancia varía entre 3.25 e 8.36.

Estes valores non resultan sorprendentes nun sistema docente como o noso, ao estar presidido polas clases maxistras e condicionado pola masificación das aulas. A docencia centrada no traballo alumno, con independencia do método elixido, require de ratios profesor/alumno moito menores aos habituais actualmente na universidade (cando menos nas titulacións adscritas ás Ciencias Sociais).

⁷ Cartel presentado no II Congreso de Enseñanza de la Psicología. Espacio Europeo de Educación Superior. Valencia 15-17 octubre 2003 (dispoñible en <http://www.um.es/docencia/agustinr/inv/2003/tempestud.pdf>).

É de agardar que, na medida en que as condicións sexan máis favorables, o traballo persoal do alumno tomará maior protagonismo e o papel do profesor como transmisor de información, cederá espazo ao de mediador e titor.

Canto ao balance entre presencialidade e non presencialidade, manéxanse no “Libro Branco” proporcións de entre 3/7 e 5/5. Se calculamos as proporcións actuais en función dos datos do presente estudo, compróbase que estas se sitúan entre 33,5 horas presencias por 66,5 horas non presenciais (no caso da ratio máis desfavorable para a presencialidade) e 38,4 presenciais por 61,6 horas non presenciais (no caso máis favorable). Se temos en conta a presencialidade teórica dos actual plano de estudos, equilíbriase o peso de ambas as dúas facetas, situándose a ratio en todos os cursos arredor do 5/5 agás en terceiro e cuarto; en terceiro, as clases ocupan o 61% do tempo de traballo do estudante, en cuarto tan só o 43%. En ningún caso se sobordan as marxes do “Libro branco”; trátase, por tanto, dun aspecto que non é necesario cambiar cara ao futuro plano de estudos.

A impresión global do traballo dos cursos matízase cando se consideran as materias por separado, tanto no referente ao traballo total como ao non presencial. Puidéronse constatar diferenzas importantes na carga de traballo que demandan as mesmas, até tal punto que, en xeral, o traballo das de maior demanda duplica ao das de menor demanda. Esta razón cúmprese para todos os cursos, agás para o quinto. Débese advertir, porén, que en ningunha materia se acadan as 25 horas do crédito europeo.

No primeiro curso é a materia da área de *Psicobioloxía (Fundamentos de Psicobioloxía)*, xunto coas da área de *Psicoloxía Básica (Historia da Psicoloxía, Atención e Emoción e Condicionamento e Motivación)* as que requiren máis tempo, mentres que as pertencentes ás áreas de *Metodoloxía (Análise de Datos I e Análise de Datos II)* e *Psicoloxía Social (Psicoloxía Social II)* son as que requiren menor tempo. As demais, pertencentes ás áreas de *Psicoloxía Evolutiva e da Educación (Psicoloxía do Desenvolvemento I)* e *Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico (Psicoloxía da Personalidade)*, sitúanse en posicións intermedias. Nos demais cursos, as materias de *Psicobioloxía* (como, por exemplo, *Psicoloxía Fisiolóxica*) permanecen no extremo de maior demanda; as de *Psicoloxía Básica* (como *Percepción*) pasan a lugares intermedios; as de *Metodoloxía* (como *Psicometría I e II*) varían entre posicións intermedias e extremas; as de *Psicoloxía Evolutiva e da Educación (Psicoloxía da Educación, por exemplo)* e de *Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico* (como *Psicopatoloxía*), varían entre posicións intermedias e o extremo de maior traballo, e as materias de *Psicoloxía Social* tenden a se situar no extremo de menor traballo.

As discrepancias entre materias obsérvanse en todos os grupos de suxeitos seleccionados, aínda que aumentan para os que obtiveron cualificacións de sobresaliente. Apréciase nestes suxeitos, como cabía esperar, un acrecentamento da dedicación a todas as materias con respecto aos demais estudantes; este acrecentamento é maior para as materias que máis tempo demandan, acadando, no segundo curso, o triplo do requirido polas de menor demanda. Así pois, obter a cualificación de sobresaliente na titulación require non só dedicar máis tempo a todas as materias, en xeral, senón tamén discriminar entre materias e intensificar o traballo para as de maior demanda.

As medias de traballo total e non presencial referidas no estudo de Romero, Marín e Moreno (2003) para as materias do primeiro curso móstranse, todas elas, superiores ás do presente estudo. A natureza dos contidos das materias non parecen contribuír ás diferenzas globais dos cursos nin parciais por materias. Aínda que na Universidade de Murcia se incorpora unha materia máis de *Psicoloxía Básica (Memoria)* no lugar que en

Santiago ocupa a de *Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico*, esta resulta ser a que menor tempo precisa. Tamén, en lugar da materia de *Psicología Social* de Santiago, en Murcia o primeiro curso inclúe unha de *Socioloxía*. Ambas as dúas materias ocupan o sétimo lugar en demanda de tempo nas súas respectivas titulacións. Por outra banda, a coincidir co que acontece en Santiago, as materias que máis traballo demandan en Murcia son as restantes de *Psicología Básica* e a de *Psicobiología*, en tanto que as de *Métodoloxía* se sitúan no extremo de menor demanda. A materia de *Psicología Evolutiva e da Educación* ocupa en Murcia a cuarta posición e, en Santiago, a terceira.

Pódense tamén comparar os resultados do presente estudo cos de outro realizado na Universidade Autónoma de Madrid en que se avaliaron as experiencias piloto de 20 materias de distintas titulacións de todas as áreas e se recolleron datos de traballo total e non presencial⁸. A media de traballo total por crédito é de 16,94, sendo minoritarias as materias que soben por enriba de 20 horas por crédito ou baixan de 12 horas por crédito, un rango en que se sitúan a maior parte das materias de *Psicología* en Santiago. Ao igual que no presente estudo, aprécianse discrepancias importantes entre materias, non só de distintas titulacións, senón tamén dentro da mesma titulación. Na única materia de *Psicología* incluída no estudo (*Psicología dos Grupos*), a medida de traballo total é de 14,33, un valor moi semellante ao obtido en Santiago para a mesma materia (14,26).

Aínda que pode sorprender que en materias participantes en experiencias piloto non se obteñan medias máis próximas ao crédito europeo, hai que ter en conta que estas están limitadas polas posibilidades do noso actual marco legal e as condicións físicas e organizativas do actual sistema docente. Non dispoñemos de información sobre as condicións concretas en que se levaron a cabo as experiencias da Universidade Autónoma de Madrid, mais podemos, en función das nosas propias experiencias piloto, aventurarnos as posibles causas: os grupos excesivamente numerosos, a inadecuación dos horarios e a falta de hábito de traballo autónomo no alumnado son algunhas das máis importantes que se están a detectar.

A comparación dos datos do traballo total e non presencial reunidos en *Psicología* en Santiago permite descartar un papel preponderante da asistencia a clase nas discrepancias entre materias. Pódese comprobar, a través deste contraste, que non hai grandes variacións entre materias na presencialidade, que se sitúa maioritariamente entre o 50% e 60%. A continuación, coméntanse os datos relativos ás tarefas académicas; tomaranse como base da aproximación aos factores que poden estar incidindo nas discrepancias.

Pódese apreciar, ao contrastarmos o tempo non presencial por curso cos datos das tarefas no apartado 6.4, que as porcentaxes de tempo que se dedica ao *estudo* nos distintos cursos son moi elevadas. Sitúase arredor do 75% en primeiro, en segundo e en quinto, diminúe en cuarto até case o 69% e elévase en terceiro até o 87%. Estas proporcións levan a pensar que as discrepancias de traballo entre cursos débense fundamentalmente a esta tarefa. De feito, segundo a ANOVA que se efectuou para comparar a carga de traballo das tarefas non presenciais entre cursos obtivéronse diferenzas significativas para o *Estudo* de terceiro (o de menor demanda) con todos os demais cursos e de cuarto (o de maior demanda) con primeiro, segundo e terceiro. Tamén se obtiveron na ANOVA unhas diferenzas significativas para as *lecturas*, de terceiro con primeiro e segundo. Trátase, porén, dunha tarefa de que informa menos da metade da mostra, polo que as diferenzas na análise non denotan tanto o peso diferencial da tarefa no traballo total, como probablemente a discrepancia entre materias.

8 O informe de dito estudo está disponible en http://www.uam.es/europea/junio_2005/informe_experiencias_piloto_1semestre.doc

7. Implicacións do estudo

O traballo do alumnado de *Psicología* en termos ECTS

A preponderancia do estudo no traballo non presencial é reflexo, de novo, dun sistema docente centrado na transmisión de coñecementos elaborados polo profesor e a adopción dun papel pasivo por parte do alumnado. Esta preponderancia debería diluírse coa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, coa progresiva inclusión de tarefas promovedoras de competencias transversais até o de agora esquecidas como as de comunicación escrita e oral, a de aprendizaxe autónoma, de análise e síntese etc.

Dentro de cada curso, as tarefas que, á marxe do estudo, requiren mais tempo, varían, destacando o tempo requirido por *Exercicios* en primeiro, e *Traballos individuais* en cuarto, ámbalas dúas esixidas nun único curso e, de feito, nunha única materia, como se comentará mais adiante. A priori, parece plausible atribuír estas variacións ao peso outorgado en cada materia ás tarefas e ao número de actividades de cada tipo solicitadas ou suxeridas polos respectivos profesores.

Púidose apreciar tamén, no apartado 6.4, que as tarefas non presenciais tenden a se acumular ao final dos cuatrimestres o que, como cabía esperar, se agrava no caso do *estudo*, con picos moi destacados en febreiro e xuño. Aínda é máis preocupante a situación se, como se aprecia nas figuras de distribución do traballo ao longo dos cursos (nos apartados 6.2 e 6.3), o traballo nos cuatrimestres non sempre está equilibrado. Este é un aspecto de especial importancia cara á adaptación ao crédito europeo. Se, como agardamos, a xornada do alumno estará, no futuro, máis cuberta con tarefas académicas diversas, é preciso que os profesores se coordinen para distribuílas de maneira equilibrada e que adopten medidas para evitar que os alumnos as deixen acumular.

A análise das tarefas por materias permite comprobar que, no primeiro e no segundo curso, as materias que requiren máis tempo de *estudo* son tamén as que demandan maior variedade de tarefas. A maior diversidade, porén, se aprecia no cuarto curso, a coincidir nesta ocasión con materias de valores intermedios no *estudo*. En terceiro e quinto, as materias descansan no *estudo*, os *informes de prácticas* e as *lecturas*, agás *Psicoloxía da Linguaxe* en que se solicitan tamén *procuras bibliográficas*.

Á marxe destas variacións, e en coherencia co obtido por cursos, o groso do traballo das materias débese ao estudo, agás no caso da materia *Psicoloxía da Educación*, en que os *traballos individuais* ocupan máis tempo que o *estudo*. En definitiva, a distancia das materias do crédito europeo varía de maneira importante e esta variación descansa fundamentalmente no peso do *estudo* no traballo do alumnado. Aínda que ningunha das materias chega a estar infradimensionada en termos *ECTS*, algunhas están moi sobredimensionadas. Correspóndelles ás facultades e ás áreas debateren sobre o significado das discrepancias entre materias, sondar as súas orixes e trazar un plano estudos máis equilibrado que valore, conforme as directrices europeas o papel das novas materias no logro da competencias transversais e específicas que terán que acadar os futuros psicólogos.

Canto aos tempos por unidade de actividade achegados no presente estudo, deben tomarse con precaución debido ao tamaño da mostra, en especial para algúns dos tipos de tarefas. Non obstante, achegan un primeiro referente que permitirá reducir, en certa medida, a incerteza ao respecto. Aprécianse neles algunhas discrepancias entre materias aínda que dentro do agardable; estas diferenzas nos tempos de dedicación entre materias resultan menores en tarefas máis estandarizadas mentres que aumentan en tarefas difíciles de estandarizar.

En suma, os datos do presente estudo permiten extraer as seguintes conclusións:

- A carga de traballo actual para os alumnos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela encóntrase por debaixo do establecido polo crédito europeo (25 horas), en todas as súas materias. A diferenza podería atribuírse ás características do actual sistema docente, que responde a un criterio de valoración tan só da presencialidade, nas 10 horas por crédito, que define o marco normativo en que se deseñaron os actuais planos de estudo.
- O balance entre presencialidade e non presencialidade axústase aos parámetros do “Libro branco” da titulación de Psicoloxía.
- Obsérvanse importantes discrepancias entre materias canto á distancia da carga de traballo actual dos parámetros do crédito europeo. Estas non parecen depender da presencialidade e relaciónase, en cambio, co tempo dedicado ao *estudo*.
- A tarefa que máis tempo require dos alumnos de Psicoloxía e o *estudo*, variando entre cursos os máximos para as demais.
- As tarefas non presenciais tenden a se acumular ao final dos cuatrimestres, en especial o *estudo*.
- Aprécianse diferenzas en función das materias canto ao tempo por unidade de actividade, máis acusadas nas tarefas menos estandarizadas.



8. Limitacións e propostas

8. Limitacións e propostas

Non debemos finalizar a exposición do estudo sen unha valoración crítica del que permita mencionar limitacións e propor liñas para o perfeccionarmos e afondarmos no tema tratado.

Un primeiro aspecto que debe ser sinalado é o relativo á xeneralización duns datos extraídos no sistema actual a un sistema futuro que previsiblemente contará con condicións físicas e organizativas diferentes. É esperable que as materias e/ou os seus créditos varíen, que o rango de tarefas académicas se acrecente e se diversifique, que as ratios profesor/alumnos diminúan etc. Aínda que este e outros estudos previos ou posteriores servirán como referente, outros condicionantes pesarán tamén na delimitación final do futuro título de Psicoloxía.

Por outra banda, é indubidable que a “diversidade real” de actividades de ensino-aprendizaxe que o profesorado emprega quedou enmascarada baixo o ámbito da presencialidade e o rótulo de *Informes de prácticas*, e mesmo a imprecisión de rótulos como os de *traballos de grupo* ou *traballos individuais*. Sería desexable que as futuras programacións de aula puidesen basearse en estimacións máis pomenorizadas do traballo do alumno. Baixo o mesmo rótulo pódense ocultar actividades moi diversas que poden fomentarse por separado ou en conxunción con outras. Semella indicado, pois, a realización de estudos que proporcionen estimacións das distintas partes ou fases das tarefas, polo menos das máis complexas.

Finalmente, e en liña co anterior, sería desexable contarmos con máis datos acerca do tempo por unidade de actividade, xa que o tempo global por curso ou materia non é suficiente para que a planificación das materias se axuste aos créditos. Esta terá que ter en conta, á marxe da natureza das tarefas, o número delas que poden incorporar as materias.



9. Anexos

ANEXO 1

ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE TIVERON LUGAR NA FACULDADE DE PSICOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DURANTE CURSO 2004-2005

No curso 2004-2005, púxose en marcha un programa de formación docente, que incluíu seminarios sobre ferramentas didácticas (guías docentes, metodoloxías de ensino/aprendizaxe, novas tecnoloxías) e experiencias relacionadas co proceso de converxencia que se están a desenvolver noutras universidades. Relaciónanse a continuación estes seminarios:

7 de setembro (10:00 a 14:00h).

Seminario formativo sobre “As guías docentes como instrumento metodolóxico para a planificación e desenvolvemento das actividades formativas da materia”.

Prof. Miguel A. Zabalza (Dpto. de Didáctica e Organización Escolar, Universidade de Santiago de Compostela).

20-21 de setembro (10:00 a 14:00h).

Seminario formativo sobre “A aprendizaxe baseada en problemas (PBL). Unha opción metodolóxica para promover as aprendizaxes integradas”.

Prof. Josep Eladi Baños (Facultat de Ciències de la Salut i de la Vida, Universitat Pompeu Fabra)

27 a 30 de setembro (12:00 a 14:00h).

“Curso de iniciación á WebCT”. Curso formativo en WebCT para o deseño de cursos na rede como ferramenta de apoio á docencia.

Persoal do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) da Universidade de Santiago de Compostela.

4 de outubro (10:00 a 14:00h).

Seminario formativo sobre “A posta en marcha dunha experiencia piloto de adaptación ao crédito europeo na Facultade de Psicoloxía da Euskal Herriko Unibertsitatea. O primeiro ano de aplicación”.

Profa. Nekane Balluerka (vicedecana de Innovación Pedagóxica, Facultade de Psicoloxía, Euskal Herriko Unibertsitatea)

Prof. Enrique Arranz Freijo (Dpto. de Procesos Psicolóxicos Básicos e o seu Desenvolvemento, Euskal Herriko Unibertsitatea)

8 de outubro (10:00 a 14:00).

Seminario formativo sobre “Experiencias de innovación docente na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela”

Profa. M.^a Teresa Carrillo de la Peña (Dpto. de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía, Universidade de Santiago de Compostela).

Titulación de Psicología

Prof. M.ª Isabel Fraga Carou (Dpto. de Psicología Social, Básica e Metodoloxía, Universidade de Santiago de Compostela).

Prof. Onésimo Juncos Rabadán (Dpto. de Psicología Evolutiva e da Educación, Universidade de Santiago de Compostela).

15 de outubro (10:00 a 14:00h).

Seminario formativo sobre “A posta en marcha dunha experiencia piloto de adaptación ao crédito europeo na Facultade de Psicología da Universidad de Almería. Fase de planificación”.

Prof. Fernando Sánchez-Santed, coordinador da experiencia piloto: “Guía para la implantación experimental del *ECTS* en la licenciatura de Psicología en las Universidades andaluzas”

Prof. Roberto Alvarez: Guía da materia Historia de Psicología da UAL

Prof. Jose Cimadevilla: Guía da materia Fundamentos de Psicobiología da UAL

3-4 febreiro (10:00 a 14:00h).

Seminario formativo sobre “Técnicas de dinámica de grupos aplicada ao ensino universitario”

Prof. Francisco Gil, Dpto. de Psicología Social da Universidad Complutense de Madrid

15-16 de febreiro (10:00 a 14:00h).

Seminario formativo sobre “Metodoloxía das guías de estudo en materias de psicología”

Prof. Antonio Aguilera, Dpto. de Psicología Evolutiva e da Educación da Universidad de Sevilla

17 de marzo; 18 de abril, 12 de maio (10:00 a 14:00h).

Obradoiro “Elaboración da guía docente nas materias de Psicología”

Prof. Jesús García Martínez, Facultade de Psicología da Universidad de Sevilla

11, 13, 18, 20 de maio (17:00 a 20:30h).

Seminario “Avaliación das aprendizaxes mediante TIC”

Prof. Beatriz Cebreiro, Dpto. de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela

13-15 de xuño (16:00 a 20:00h).

Seminario “Estratexias de avaliación en materias de psicología”

Prof. Felipe Trillo, Dpto. de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO 2

MATERIAS PARTICIPANTES NA EXPERIENCIA PILOTO DE ADAPTACIÓN AO CRÉDITO EUROPEO

A experiencia en Psicoloxía púxose en marcha durante o curso 2005-06 nas materias impartidas por aqueles profesores que manifestaran o seu interese en participaren. Estas son as que se relacionan na seguinte táboa.

MATERIA	CARÁCTER	CURSO	Núm. de alumnos que participaron
081102-Atención e Emoción	TR	1º	330
081204-Psicoloxía Fisiolóxica	TR	2º	210
081406-Técnicas de Modificación de Conducta	TR	4º	150
081522-Psicofisioloxía Aplicada	OP	5º	13
081535-Psicoloxía do Currículo	OP	5º	22
081523-Psicoloxía da Lectura	TR	5º	8
081502-Psicoloxía da Linguaxe	OP	5º	100
081533-Familia e Desenvolvemento Humano	OP	5º	30
081532-Dificultades no Desenvolvemento da Linguaxe e Intervención	OP	5º	14
081546-Rehabilitación Psicosocial	OP	5º	84
081531-Construcción dos Coñecementos e das Aprendizaxes Escolares: Dificultades e Intervención	OP	5º	26
081512-Orientación Vocacional	TR	5º	108
081536-Toma de Decisión Vocacional e Inserción Socio-Laboral	OP	5º	12
081541-Avaliación e Intervención en Psicoloxía da Saúde	OP	5º	80

Nota.-TR =tronal, OB = obrigatoria, OP = optativa

ANEXO 3

FICHA DE AUTORREXISTRO

	Minutos de asistencia ás clases		Actividades obligatorias/voluntarias/individuais ou en grupo ¹		Estudo ²	
	Teóricas	Prácticas		Minutos	Minutos	
Semana 1						
Semana 2						
Semana 3						
Semana 4						

1 Por exemplo: lecturas, problemas, casos clínicos, exposicións en clase, prácticas de campo, informe de prácticas...

2 Por exemplo: elaboración de resúmenes, esquemas..., revisar apuntes, procura de documentación, repaso...

Epílogo

Cando este traballo ve a luz, en outubro de 2006, algúns dos elementos que o guiaban están en proceso de mudanza. Na introdución do estudo faise referencia ao Libro branco do grao en Psicoloxía, ao borrador de directrices xerais propias para esta titulación proposto polo ministerio... Na data de hoxe, alén da nova demora na implantación dos novos títulos –até 2012, nas previsións máis optimistas non se titularían os primeiros graduados/as– a súa estrutura xeral tamén semella que vai ser diferente: a titulación de grao contará só con 180 créditos específicos, ao se prever que o primeiro curso será común por grandes áreas de coñecemento; non haberá directrices xerais para os títulos e nin tan sequera haberá un catálogo de títulos.

Non é este lugar para xulgarnos a bondade destas novas liñas. Tan só cómpre confiar en que este traballo, que non vai ligado tanto á estrutura dos estudos como a achegar datos para a reflexión sobre os actuais procesos de ensino/aprendizaxe, manteña a súa utilidade. Tal vez as horas dedicadas por ducias de persoas da facultade a outros aspectos do proceso de converxencia no EEES sexan agora tan só parcialmente aproveitables. Mais agardamos que os resultados deste traballo, no que profesores, profesoras e estudantes participaron activamente, sigan a ser de interese e contribúan a promover cambios para mellorar a docencia universitaria, con validez intrínseca e independente do marco estrutural en que finalmente se teña que encadrar.

Santiago de Compostela, outubro de 2006

Socorro Rodríguez Holguín, decana da Facultade de Psicoloxía

